



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 25 DE SETEMBRO DE 2025

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

CARMELA PRIETO CAL

JESÚS ROMERO CARRACELAS

LUCÍA PICOS ANEIROS

ISMAEL DURÁN BEREJO

XULIO CRIBEIRO GARCÍA

OLGA IGLESIAS BEREJO

HIGINIO MANUEL CASAS REGUEIRA

MARÍA JOSÉ PERNAS DÍAZ

NOEL LÓPEZ LÓPEZ

MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ

Mª DIANA CENDÁN RODRÍGUEZ

AUSENTES:

Escusa a súa asistencia o Concelleiro:

PABLO LUÍS NEBRIL LÓPEZ

SECRETARIA ACCIDENTAL:

Mª DEL MAR ANTÓN BRAGE

(Resolución de Alcaldía nº 485/2025 de 19 de setembro)

INTERVENTORA:

Mª CARMEN MENÉNDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 20:03 horas do día 25 de setembro de 2025, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar sesión ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria accidental da Corporación, dona Mª del Mar Antón Brage, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta esta.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO ORDINARIO DE DATA 30.07.2025

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión de data 30.07.2025.

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Cribreiro García di: Eu quería dicir que xa que non estiven nese Pleno, a miña postura persoal vai ser a abstención.



A Presidencia somete a votación ordinaria a aprobación da acta do pleno anterior, correspondente ao ordinario de data 30.07.2025, resultando aprobada por nove (9) votos a favor, do PSdeG-PSOE (5) e do BNG (4), e tres (3) abstencións do PP.

2. MODIFICACIÓN TEXTO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CAMPAMENTO URBANO DO CONCELLO DE CEDEIRA. EXPEDIENTE: 2025/G014/000001

Pola Secretaria accidental dáse lectura, en extracto, ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 22 de setembro de 2025, que di:

“Vista a Proposta da Alcaldía de data 17.09.2025, que di:

“**Expediente:** 2025/G014/000001

Asunto: MODIFICACIÓN TEXTO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CAMPAMENTO URBANO DO CONCELLO DE CEDEIRA

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto o expediente nº 2025/G014/000001 instruído para a modificación do TEXTO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CAMPAMENTO URBANO DO CONCELLO DE CEDEIRA.

Atendido o contido da modificación do “TEXTO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CAMPAMENTO URBANO DO CONCELLO DE CEDEIRA”, e atopado conforme.

Visto o informe de Intervención de data 17 de setembro de 2025.

Considerando o disposto nos artigos 4.1.a) e b), da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 47 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do “TEXTO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CAMPAMENTO URBANO DO CONCELLO DE CEDEIRA”, coa redacción que a continuación se detalla:

“TEXTO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CAMPAMENTO URBANO DO CONCELLO DE CEDEIRA

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA

De conformidade co previsto no artigo 127, en relación co artigo 41 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRHL), establécese o prezo público pola prestación do servizo de campamento urbano do Concello de Cedeira.

ARTIGO 2. PERSOAS OBRIGADAS AO PAGAMENTO



1. *Están obrigados ao pagamento dos prezos públicos aquí regulados aqueles que se beneficien dos servizos ou actividades que se presten ou realicen por este Concello a que se refire o artigo anterior.*
2. *As cotas líquidas pola efectividade destes prezos públicos recaerán sobre os/as pais/nais, titores/as ou representantes legais dos/as participantes menores de idade.*
3. *A persoa obrigada ao pagamento deberá:*
 - 3.a. *Formalizar cantas aclaracións e comunicacións se lle esixan para cada prezo público.*
 - 3.b. *Facilitar a práctica de comprobacións e inspeccións, así como a entrega dos datos, antecedentes e xustificacións que lles sexan solicitados.*

ARTIGO 3. CONTÍA

O importe do prezo público ou tarifa é o seguinte e dependerá do período no que cada quen se inscriba para participar no campamento:

Período	Prezo
Semana	20,00 €
Mes	60,00 €
Dous meses	100,00 €

ARTIGO 4. NORMAS DE XESTIÓN

1. *A obriga de pagar o prezo público nace desde que se publique a relación definitiva de persoas admitidas ás actividades do campamento urbano, considerándose que nese momento se produce a aceptación das condicións de prestación do servizo e o compromiso de asistencia.*
2. *A inasistencia total ou parcial ás actividades non será causa de devolución das cantidades abonadas, salvo por razóns de forza maior debidamente acreditadas.*
3. *O pagamento do prezo público realizarase mediante autoliquidación, no modelo establecido para o efecto, efectuándose o ingreso nalgunha das entidades financeiras que se indiquen no propio modelo. O ingreso deberá realizarse con carácter previo á realización da actividade unha vez publicada a relación definitiva de persoas admitidas, e dentro do prazo que ao efecto se estableza na correspondente convocatoria ou na propia listaxe definitiva.*
4. *O dereito á asistencia ás sesións do campamento urbano quedará condicionado á realización previa do ingreso.*
5. *Cando por causas non imputables ao obrigado ao pagamento do prezo, o servizo ou actividade non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.*
6. *A débeda poderá exixirse polo procedemento administrativo de constrinximento.*

ARTIGO 5. REMISIÓN NORMATIVA

O presente prezo público rexeráse, en todo o non previsto no presente texto regulador, pola normativa xeral en materia de ingresos de dereito público.

ARTIGO 6. ENTRADA EN VIGOR

O presente prezo público entrará en vigor ao día seguinte da publicación deste texto no Boletín Oficial da Provincia, e continuará en vigor ata a súa modificación ou derogación”.

SEGUNDO.- Someter o expediente a información pública e audiencia das persoas interesadas, con publicación no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e no taboleiro de anuncios do concello, polo



prazo de trinta (30.-) días hábiles, para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

TERCEIRO.- Resolución das reclamacións e suxerencias presentadas, coa aprobación definitiva no Pleno. No caso de que non se tiveran presentado ninghuna reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.”

A Comisión, por cinco (5) votos a favor, do PSdG-PSOE (3) e do BNG (2), e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar a devandita proposta favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por nove (9) votos a favor, do PSdeG-PSOE (5) e do BNG (4), e tres (3) abstencións do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

3. APROBACIÓN DA CONSTITUCIÓN DO CONSELLO SECTORIAL DA MEMORIA DEMOCRÁTICA DO CONCELLO DE CEDEIRA E DO REGULAMENTO DO CONSELLO SECTORIAL DA MEMORIA DEMOCRÁTICA DO CONCELLO DE CEDEIRA. EXPEDIENTE: 2025/G013/000002

Pola Secretaria accidental dáse lectura, en extracto, ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 22 de setembro de 2025, que di:

“Vista a Proposición de data 17.09.2025, que di:

“**PABLO DIEGO MOREDA GIL**, Alcalde-Presidente deste Concello, de conformidade coas atribucións que lle corresponden, ten a ben elevar ó Pleno a seguinte **PROPOSICIÓN**:

Aprobada a Lei de Memoria Democrática 20/2022, de 19 de outubro, o presente regulamento aspira ao recoñecemento dos dereitos das vítimas expresadas no art. 3, que foran ou sexan veciñas/os do concello de Cedeira, e á consecución no termo municipal dos obxectivos sinalados nesa lei.

En 1992 as Nacións Unidas aprobaron coa Resolución 47/133 de 18 de decembro a “Declaración sobre a protección de todas as persoas contra as Desaparicións Forzadas”, que se estendía ás investigacións practicadas sobre os desaparecidos, sen que o tempo transcorrido desde a desaparición supuxera un atranco. En España, a Comisión Constitucional do Congreso dos Deputados, na sesión do 20 de novembro de 2002, acordou reafirmar: “o deber da nosa sociedade democrática de proceder ao recoñecemento moral de todos os homes e mulleres que foron vítimas da Guerra Civil Española, así como de cantos padeceron máis tarde a represión da ditadura franquista”. Cinco anos despois, aprobouse a Lei 52/2007, de 26 de decembro, que sentaba as bases para que os poderes públicos levaran a cabo políticas públicas dirixidas ao coñecemento da nosa historia e ao fomento da memoria histórica. E recentemente prodúcese a derogación desta norma coa aprobación da Lei de Memoria Democrática 20/2022, de 19 de outubro, onde se recollen como obxectivos: a recuperación, salvagarda e difusión da memoria democrática, entendida esta como coñecemento da reivindicación e defensa dos valores democráticos e os dereitos e liberdades fundamentais ao longo da historia contemporánea de España, co fin de fomentar a cohesión e solidariedade entre as diversas xeracións en torno aos principios, valores e liberdades constitucionais; o recoñecemento de quen padeceron persecución ou violencia, por razóns políticas, ideolóxicas, de pensamento u opinión, de conciencia o crenza relixiosa, de orientación e identidade sexual, durante o período entre o golpe de Estado de 18 de xullo de 1936, a Guerra de España e a Ditadura franquista ata a entrada en vigor da Constitución de 1978, así como promover a reparación



moral e a recuperación da memoria persoal, familiar e colectiva, adoptar medidas complementarias destinadas a suprimir elementos de división entre a cidadanía e promover lazos de unión en torno aos valores constitucionais; repudiase e condénase o golpe de Estado do 18 de xullo de 1936 e a posterior ditadura, en afirmación dos principios e valores democráticos e se declara ilegal o réxime xurdido da contenda bélica de 1936-1939.

A lei 20/2022 reconece o dereito das vítimas, os seus familiares e a sociedade en xeral, á verificación dos feitos e a revelación pública e completa dos motivos e circunstancias en que se cometeron as violacións do Dereito Internacional Humanitario ou de violacións graves e manifestas dos dereitos humanos ocorridas con ocasión da Guerra e da Ditadura. A Administración Xeral do Estado impulsará a investigación de todos os aspectos relativos á Guerra Civil e á Ditadura e a procura de persoas desaparecidas.

En sesión ordinaria realizada o 30 de xullo de 2025 o Pleno do Concello aprobou a moción de urxencia pola que se solicitaba a constitución do Consello Sectorial Municipal da Memoria Histórica Democrática, como órgano colexiado de participación sectorial permanente constituído como un espazo de asesoramento, información, debate, estudo e proposta, que ten por obxecto a defensa e promoción dos dereitos humanos e o coñecemento da Memoria Histórica a través da súa recuperación, promovendo a creación de sinerxías entre Administracións, movemento asociativo, expertos, partidos políticos e cidadáns e colaboraría a adecuar as políticas municipais e as actuacións cidadás ao disposto na Lei de Memoria Histórica, promovendo espazos de estudo, debate e pedagogía en relación con estas materias, servindo de axente mediador en conflitos e atendendo ás demandas das vítimas en materia de verdade, xustiza e reparación.

O Consello Sectorial da Memoria Democrática do Concello de Cedeira non pode configurarse propiamente como un órgano de goberno e administración municipal, ao non contar o Concello cun Regulamento Orgánico municipal no que se prevea e regule a creación de órganos complementarios. Así, o Consello configúrase, segundo establece o regulamento, como un órgano de participación sectorial permanente constituído como espazo para o asesoramento, a información, o debate, o estudo e a proposta, que ten como obxectivo defender e promover os dereitos humanos no ámbito da memoria histórica mediante a recuperación da mesma, en favor de quen padeceu persecución ou violencia durante Golpe de estado militar e a Ditadura. Este Consello ten carácter consultivo, isto é, ten capacidade para emitir opinións e facer propostas, aínda que non serán vinculantes.

O Municipio, segundo dispón o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, nos termos previstos en dito artigo.

Visto o informe emitido pola Secretaría municipal en data 16 de setembro de 2025.

Ao abeiro do previsto nos artigos 22.2 e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse ao Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobado a constitución do Consello Sectorial da Memoria Democrática do Concello de Cedeira.

SEGUNDO.- Aprobado inicialmente o Regulamento do Consello Sectorial da Memoria Democrática do Concello de Cedeira, cuxo texto se incorpora como anexo.



TERCEIRO.- Someter o expediente a información pública e audiencia ós interesados durante trinta días, para a presentación de reclamacións e suxerencias, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello.

No suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, publicando no Boletín Oficial da Provincia o acordo definitivo elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro do Regulamento, sen que entren en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación.

CUARTO.- Simultaneamente, publicarase o texto do proxecto de regulamento no portal web do Concello co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

QUINTO.- Facultar ao Alcalde para levar a cabo todos os trámites relacionados co presente expediente.

Non obstante, o Concello Pleno acordará o que estime oportuno.

Anexo

REGULAMENTO DO CONSELLO SECTORIAL DA MEMORIA DEMOCRÁTICA DO CONCELLO DE CEDEIRA

Preámbulo

Aprobada a Lei de Memoria Democrática 20/2022, de 19 de outubro, o presente regulamento aspira ao recoñecemento dos dereitos das vítimas expresadas no art. 3, que foran ou sexan veciñas/os do concello de Cedeira, e á consecución no termo municipal dos obxectivos sinalados nesa lei.

En 1992 as Nacións Unidas aprobaron coa Resolución 47/133 de 18 de decembro a “Declaración sobre a protección de todas as persoas contra as Desaparicións Forzadas”, que se estendía ás investigacións practicadas sobre os desaparecidos, sen que o tempo transcorrido desde a desaparición supuxera un atranco. En España, a Comisión Constitucional do Congreso dos Deputados, na sesión do 20 de novembro de 2002, acordou reafirmar: “o deber da nosa sociedade democrática de proceder ao recoñecemento moral de todos os homes e mulleres que foron vítimas da Guerra Civil Española, así como de cantos padeceron máis tarde a represión da ditadura franquista”. Cinco anos despois, aprobouse a Lei 52/2007, de 26 de decembro, que sentaba as bases para que os poderes públicos levaran a cabo políticas públicas dirixidas ao coñecemento da nosa historia e ao fomento da memoria histórica. E recentemente prodúcese a derogación desta norma coa aprobación da Lei de Memoria Democrática 20/2022, de 19 de outubro, onde se recollen como obxectivos: a recuperación, salvagarda e difusión da memoria democrática, entendida esta como coñecemento da reivindicación e defensa dos valores democráticos e os dereitos e liberdades fundamentais ao largo da historia contemporánea de España, co fin de fomentar a cohesión e solidariedade entre as diversas xeracións en torno aos principios, valores e liberdades constitucionais; o recoñecemento de quen padeceron persecución ou violencia, por razóns políticas, ideolóxicas, de pensamento u opinión, de conciencia o crenza relixiosa, de orientación e identidade sexual, durante o período entre o golpe de Estado de 18 de xullo de 1936, a Guerra de España e a Ditadura franquista ata a entrada en vigor da Constitución de 1978, así como promover a reparación moral e a recuperación da memoria persoal, familiar e colectiva, adoptar medidas complementarias destinadas a suprimir elementos de división entre a cidadanía e promover lazos de unión en torno aos valores constitucionais; repudiase e condénase o golpe de Estado do 18 de xullo de 1936 e a posterior ditadura, en afirmación dos principios e valores democráticos e se declara ilegal o réxime xurdido da contenda bélica de 1936-1939.



A lei 20/2022 reconece o dereito das vítimas, os seus familiares e a sociedade en xeral, á verificación dos feitos e a revelación pública e completa dos motivos e circunstancias en que se cometeron as violacións do Dereito Internacional Humanitario ou de violacións graves e manifestas dos dereitos humanos ocorridas con ocasión da Guerra e da Ditadura. A Administración Xeral do Estado impulsará a investigación de todos os aspectos relativos á Guerra Civil e á Ditadura e a procura de persoas desaparecidas.

É por iso que o Concello de Cedeira entende que os principios dun bo goberno inclúen a participación cidadá na concepción das políticas de memoria e das tarefas de definición, programación seguimento e avaliación dos proxectos, programas e actividades. Dado que a liña da memoria democrática resulta nova, no Servizo de Participación Cidadán, co propósito de impulsala, decidiuse crear o Consello Municipal de Memoria Democrática de Cedeira, órgano de participación cidadán, especialmente das asociacións e persoas que traballan pola recuperación da memoria democrática. Por todo o exposto, propónse a aprobación do presente regulamento:

Título I Disposicións xerais

Artigo 1. Natureza.-

O Consello Municipal de Memoria Democrática é un órgano de participación sectorial permanente constituído como espazo para o asesoramento, a información, o debate, o estudo e a proposta, que ten como obxectivo defender e promover os dereitos humanos no ámbito da memoria histórica mediante a recuperación da mesma, en favor de quen padeceu persecución ou violencia durante Golpe de estado militar e a Ditadura.

Este Consello ten carácter consultivo, isto é, ten capacidade para emitir opinións e facer propostas, aínda que non serán vinculantes.

Artigo 2. Réxime Xurídico do Consello.-

O Consello Municipal de Memoria Democrática rexerase, no previsto no presente Regulamento, polas disposicións específicas de réxime local aplicables aos órganos de goberno locais contidas na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como no Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, Regulamento Orgánico Municipal e no Regulamento de Participación Cidadá.

Artigo 3. Adscrición.-

O Consello Municipal de Memoria Democrática estará adscrito á área de participación cidadá.

Artigo 4. Ámbito de actuación.-

O ámbito de actuación do Consello será coincidente co límite competencial municipal en materia de memoria democrática do Concello de Cedeira.

Artigo 5. Obxectivos do Consello.-

Son obxectivos do Consello da Memoria Democrática do Concello de Cedeira:

Ofrecer asesoramento nos asuntos relacionados coa aplicación no termo municipal da Lei de Memoria Democrática 20/2022.

Favorecer a reparación e dignificación das/dos veciñas/os que teñan a consideración de vítimas que recolle o art. 3 desa lei.

Favorecer a investigación e difusión dos aspectos e episodios históricos ou sociais do concello de Cedeira que fosen silenciados ou terxiversados pola ditadura franquista. Neste sentido poderá propoñer a creación de grupos de traballo.



Ofrecer asesoramento sobre calquera outra iniciativa relacionada cos anteriores apartados, e que estea relacionada co espírito da devandita Lei de Memoria Democrática, aínda sen estar literalmente recollidos nos seus artigos.

Recibir e debater propostas de particulares ou entidades relacionadas cos obxectivos deste Consello

O Consello de Memoria Democrática de Cedeira non pretende acadar necesariamente o consenso unánime, pero si procurar amplos acordos.

Título II Organización e competencias

Artigo 6. Organización.-

Son órganos do Consello Municipal de Memoria Democrática:

- a) A Presidencia
- b) a Vicepresidencia
- c) Consello
- d) a Secretaría

Artigo 7. A Presidencia.-

A persoa que ostente a Alcaldía do Concello de Cedeira presidirá o Consello Municipal de Memoria Democrática.

Corresponde á Presidencia:

- Ostentar a representación institucional do Consello.
- Ordenar a convocatoria, presidir e moderar do Consello, así como dirimir os empates co voto de calidade.
- Solicitar a información e documentación complementaria necesaria sobre os asuntos incluídos na Orde do Día.
- Requirir a asistencia técnica municipal ou de carácter externo cando concorran circunstancias que así o aconsellen.
- Someter as iniciativas e propostas á consideración do Consello.
- Trasladar as propostas do Consello aos Órganos de Xestión e de Goberno municipal.

Artigo 8-Vicepresidencia.-

A Vicepresidencia corresponderá á persoa titular da Concellería á que se atope adscrita a participación cidadá. A persoa que ostente a Vicepresidencia substituirá á persoa titular da Presidencia en caso de vacante, ausencia ou enfermidade. Así mesmo, realizará funcións de asistencia e colaboración coa Presidencia.

Artigo 9- O Consello.-

Composición:

O Consello estará formado por Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría e Vogais.

Artigo 10.-Os Vogais.-

Serán vogais:

- Un/Unha representante de cada grupo político municipal do Concello de Cedeira.
- Ata tres representantes das entidades de memoria histórica debidamente acreditadas no rexistro municipal de asociacións.
- Historiadores/as ou investigadores/as de recoñecido prestixio no ámbito da investigación memorialista nas comarcas de Ferrolterra, Eume, Ortegal.

Puntualmente poderán ser chamadas con voz e sen voto outras persoas que garden relación cos asuntos a tratar.

Procurarase a formación paritaria do consello.



Artigo 11-Competencias do Consello.-

- a) Efectuar o seguimento dos proxectos.
- b) Propoñer a realización de traballos, informes, estudos de investigación e divulgación.
- c) Establecer o réxime de funcionamento dos órganos do Consello.
- d) Colaborar na elaboración de estudos, plans e programas dos órganos municipais cando así sexan requiridos expresamente por estes.
- e) Propoñer recomendacións de actuacións no ámbito da Lei 20/2022.
- f) Aquelas outras funcións de análoga natureza que se consideren necesarias para o cumprimento do disposto neste Regulamento.

Artigo 12. A Secretaría.-

Actuará como titular da Secretaría, con voz e sen voto, un/unha funcionario/a público designado por Resolución de Alcaldía a proposta da Secretaria xeral municipal.

Son funcións da Secretaría do Consello as seguintes:

- a) Garantir o respecto aos procedementos e regras de constitución e adopción de acordos.
- b) Asistir ás sesións, con voz pero sen voto, estendendo acta das mesmas, autorizalas coa súa firma e o visto e praxe da persoa titular da Presidencia, e dar o curso correspondente aos acordos que se adopten.
- c) Expedir, co visto e praxe da persoa titular da Presidencia, certificacións sobre actos e acordos do Consello.
- d) Asesorar xuridicamente en cuestións de organización e funcionamento do Consello.
- e) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de persoa titular da Secretaría do Consello.

Artigo 13.- Nomeamento dos/das representantes dos grupos políticos con representación municipal.-

Os/as representantes dos grupos políticos serán nomeados polo Pleno do Concello de Cedeira, a proposta do grupo político correspondente. No suposto de existir na Corporación o grupo mixto, este designará de entre os seus/súas integrantes a un/unha único/a representante.

Artículo 14-Designación dos representantes das asociacións de memoria histórica e historiadores/as ou investigadores/as.-

No prazo de tres días dende a celebración do Pleno no que se designe aos/ás representantes municipais, abrírase unha convocatoria pública para que as asociacións de memoria histórica debidamente acreditadas que desexen formar parte do Consello o soliciten. O prazo de solicitude non será superior a 15 días hábiles.

A solicitude de participación deberá indicar a identidade do/da representante proposto/a para formar parte Consello. Cada entidade poderá estar representada no Consello por unha persoa.

As entidades de memoria histórica interesadas en participar, deberán cumprir co requisito de acreditación actualizada e completa, o día do inicio da convocatoria, no rexistro municipal de asociacións.

No mesmo prazo citado de tres días, se cursarán invitación aos historiadores/as ou investigadores/as que teñan recoñecido prestixio no ámbito da investigación memorialista nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegal, acreditado a través de publicacións, participacións en conferencias, debates ou calquera outro medio que acredite a súa especialidade.

A presidencia nomeará os representantes das entidades solicitantes e os historiadores/as ou investigadores/as que acepten a invitación, inmediatamente antes da constitución do primeiro Consello, que se celebrará no prazo de dous meses dende a celebración do pleno anteriormente sinalado.

Artigo 15-Duración do mandato.-

Os/as vogais membros do Consello ostentarán a súa condición mentres perdure o mandato da Corporación Local na que se produza o seu nomeamento (podendo ser reelixidos na sesión de organización dunha nova Corporación, sempre que se dean os requisitos sinalados neste Regulamento),



sen prexuízo de que se poida postular o seu cesamento en calquera momento e o nomeamento dun/a substituto/a para o tempo que reste do mandato.

Artigo 16.- Perda da condición de vogais.-

O cesamento dos/as vogais, producirase automaticamente nos seguintes supostos:

- a) A instancia da entidade, ou do grupo político municipal que os/as propuxo, mediante comunicación escrita dirixida polo/a seu/súa portavoz, á presidencia do Consello. Os/As representantes municipais, así mesmo, perderán a súa condición co ocasión do seu cese na condición de concelleiro/a do Concello de Cedeira.
- b) Perda da condición de membro da entidade que represente.
- c) Por renuncia expresa ou dimisión.
- d) Por disolución da entidade.
- e) Por falta de asistencia inustificada a cinco sesións consecutivas.

Artigo 17.- Réxime de funcionamento.-

O Pleno do Consello axustará o seu réxime de funcionamento e adopción de acordos ao previsto na lexislación sobre funcionamento de órganos colexiados locais que resulte de aplicación e, no que fose de aplicación, farase extensiva a normativa prevista para o Concello Pleno que rexerá, en todo caso, de forma supletoria.

Artigo 18.- Réxime de sesións.-

O Consello reunirse, con carácter ordinario, unha vez ao semestre. Tamén o fará con carácter extraordinario cando a transcendencia ou urxencia dos asuntos para tratar así o requiran, por iniciativa a Presidencia ou da metade dos/das seus/súas vogais.

Nas sesións ordinarias trátaranse os asuntos incluídos na orde do día. Con todo, en atención aos principios de eficacia e celeridade da actuación administrativa, poderán tratarse asuntos de carácter urxente cuxa resolución conveña acelerar e, non poidan aprazarse á celebración da próxima sesión ordinaria. Nestes supostos, procederá a declaración de urxencia por acordo da maioría absoluta do número legal de membros.

Nas sesións extraordinarias non poderán incluírse outros puntos da orde do día distintos aos que motivaron a súa celebración, nin sequera por razóns de urxencia, nin incorporarse un punto de rogos e preguntas.

Artigo 19.- Orde do Día e convocatoria das sesións.-

A convocatoria das sesións será efectuada pola secretaría do Consello por orde da persoa titular da Presidencia e conterá: a orde do día, o lugar, e a data e hora da reunión en primeira e segunda convocatoria. As citacións dirixiranse a quen ostente as vogalías, debendo ser recibidas cun antelación mínima de setenta e dúas horas no caso das sesións ordinarias e anexándose ás mesmas, na medida do posible, copia da documentación referida á información sobre os temas que figuren na orde do día. Toda a documentación dos asuntos incluídos na orde do día estará a disposición dos membros do Consello, que poderán previamente examinala e obter copia dalgúns documentos que a integren, nos termos e condicións sinalados na normativa reguladora da materia. A posta a disposición da devandita documentación farase, preferentemente, por medios electrónicos.

Artigo 20.- Quórum de constitución.-

Para a válida constitución do Pleno, a efectos de celebración das sesións, requirirase en primeira convocatoria, a presenza de, polo menos, a metade dos seus membros, máis a persoa titular da Presidencia e a persoa titular da Secretaría ou quen lles substitúa legalmente. O devandito quórum deberá manterse durante toda a sesión. En segunda convocatoria será suficiente a asistencia dun terzo dos seus membros, máis a persoa titular da Presidencia e a persoa titular da Secretaría ou quen os substitúa legalmente. Para a segunda convocatoria bastará co transcurso de media hora desde a primeira



convocatoria. Tamén poderán asistir ao Pleno do Consello, convidados/as pola Presidencia cando o estime conveniente, expertos/as na materia de memoria democrática naqueles asuntos que vaian ser obxecto de debate, con voz pero sen voto.

Artigo 21.- Adopción de acordos.-

Os acordos do Consello adoptaranse por maioría simple dos membros presentes, que se produce cando os votos afirmativos son máis que os negativos. En caso de empate, efectuarase unha nova votación. Se persiste o empate, decidirá o voto de calidade da persoa titular da Presidencia.

Artigo 22.- Actas.-

De cada sesión celebrada levantarase unha acta pola persoa titular da Secretaría que especificará, necesariamente, as persoas asistentes e a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e o tempo en que se celebrou, resumo sucinto das deliberacións e o contido dos acordos adoptados. En todo caso, faranse constar na acta os votos discrepantes.

As actas, que serán aprobadas na sesión seguinte, serán remitidas a cada membro xunto coa convocatoria da mesma. As actas, na súa forma definitiva, serán asinadas pola persoa titular da Secretaría co visto e prace da persoa titular da Presidencia.

DISPOSICIÓN FINAL O presente Regulamento entrará en vigor aos trinta días da súa completa publicación no Boletín Oficial da provincia de A Coruña permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

A Comisión, por cinco (5) votos a favor, do PSdG-PSOE (3) e do BNG (2), e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar a devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde di: Só quería matizar que este Consello Sectorial da Memoria Democrática do Concello de Cedeira ven despois de aprobarse, digamos agora imos sacar o Regulamento deste mesmo Consello. Este Consello Sectorial non pode configurarse propiamente como un órgano de goberno e administración municipal ao non contar o Concello cun Regulamento Orgánico municipal, no que se prevea e regule a creación dos órganos complementarios. Así, o Consello configúrase, segundo establece o Regulamento, como un órgano de participación sectorial permanente constituído como espazo para o asesoramento, a información, o debate, o estudo e a proposta, que ten como obxectivo defender e promover os dereitos humanos no ámbito da memoria histórica mediante a recuperación da mesma, en favor de quen padeceu persecución ou violencia durante o Golpe de estado militar e a Ditadura. Este Consello ten carácter consultivo, isto é moi importante, isto é que ten capacidade para emitir opinións e facer propostas, aínda que non sexan vinculantes.

Digamos que é unha proposta que se fai dende a Asociación da Memoria Democrática de Ferrol, xunto coa de Cedeira. Este mesmo Regulamento aprobouse no Concello de Narón, no Concello de Neda e hoxe mesmo vaise aprobar, creo que por unanimidade, no Concello de Ferrol porque foi votado por votos a favor de todos os grupos políticos na Comisión Informativa.

Non sei se alguén quere engadir algo máis. Procedemos a votar.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por nove (9) votos a favor, do PSdeG-PSOE (5) e do BNG (4), e tres (3) abstencións do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

4. MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DO CONCELLO DE CEDEIRA

Pola Secretaria accidental dáse lectura, en extracto, ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 22 de setembro de 2025, que di:



“Vista a Proposición de data 17.09.2025, que di:

“**PABLO DIEGO MOREDA GIL**, Alcalde-Presidente deste Concello, de conformidade coas atribucións que lle corresponden, ten a ben elevar ó Pleno a seguinte **PROPOSICIÓN**:

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establece na súa Disposición Adicional Segunda apartado 7 que: “A Mesa de contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o secretario ou, no seu caso o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas as funcións de control económico-orzamentario, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o número, en total sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supoñer mais dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.”

O artigo 326.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público establece que “nos procedementos abertos, abertos simplificados, restrinxidos, de diálogo competitivo, de licitación con negociación e de asociación para a innovación, os órganos de contratación das Administracións Públicas estarán asistidos por unha mesa de contratación. Nos procedementos negociados en que non sexa necesario publicar anuncios de licitación, a constitución da mesa será potestativa para o órgano de contratación, salvo cando se fundamente na existencia dunha imperiosa urxencia prevista na letra b) 1.º do artigo 168, no que será obrigatoria a constitución da mesa. Nos procedementos aos que se refire o artigo 159.6 será igualmente potestativa a constitución da mesa.”

O artigo 21 do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei de Contratos do Sector Público, regula a composición das mesas de contratación:

1. Os órganos de contratación das administracións públicas estarán asistidos nos procedementos de adxudicación aberto, restrinxido e negociados con publicidade por unha mesa de contratación que será competente para a valoración das ofertas.
2. As mesas de contratación estarán compostas por un Presidente, un Secretario e, polo menos, catro vogais, todos eles designados polo órgano de contratación. Entre os vogais deberá figurar obrigatoriamente un funcionario dos que teñan encomendado o asesoramento xurídico do órgano de contratación e un Interventor ou, a falta de calquera destes, quen teña atribuídas as funcións correspondentes ao asesoramento xurídico ou ao control económico-presupostario do órgano.
3. O Secretario deberá ser un funcionario que preste os seus servizos no órgano de contratación. Cando non sexa posible designar un funcionario, farase a designación entre os doutro tipo de persoal que dependan do órgano de contratación.
4. A designación dos membros da mesa de contratación poderá facerse con carácter permanente ou de xeito específico para a adxudicación de cada contrato. A súa composición publicárase no perfil de contratante do órgano de contratación correspondente cunha antelación mínima de sete días con respecto á reunión que deba celebrar para a cualificación da documentación referida no artigo 130.1 da Lei 30/2007, do 30 de outubro.
Se é unha mesa permanente, ou se lle atribúen funcións para unha pluralidade de contratos, a súa composición deberá publicarse ademais no Boletín Oficial do Estado, no da Comunidade Autónoma ou no da Provincia, segundo se trate da Administración Xeral do Estado, da Autonómica ou da Local.
5. Ás reunións da mesa poderán incorporarse os funcionarios ou asesores especializados que resulten necesarios, segundo a natureza dos asuntos a tratar, os cales actuarán con voz pero sen voto.



6. Todos os membros da mesa terán voz e voto, excepción feita do secretario que só terá voz.

7. Para a válida constitución da mesa deberán estar presentes a maioría absoluta dos seus membros, e, en todo caso, o Presidente, o Secretario e os dous vogais que teñan atribuídas as funcións correspondentes ao asesoramento xurídico e ao control económico-presupostario do órgano.

De acordo co anterior, a Mesa de Contratación Permanente do Concello foi constituída por acordo adoptado polo Pleno do Concello en data 13 de xullo de 2023, publicado no BOP nº 139 de 21.07.2023.

Considerase necesario modificar a composición da Mesa de Contratación Permanente dado que no Pleno ordinario de data 30.07.2025 tomouse coñecemento da renuncia ao cargo de Concelleiro presentada por D. Xosé Arribe Rodríguez, vogal da Mesa, quen foi substituído por D^a María Diana Cendán Rodríguez tras tomar posesión do cargo de Concelleira no Pleno extraordinario de data 10.09.2025.

Polo exposto propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Modificar a composición da Mesa de Contratación permanente do Concello de Cedeira, constituída por acordo do Pleno do Concello de data 13 de xullo de 2023, que actuará como órgano de asistencia do órgano de contratación competente en tódolos contratos que asine esta entidade local e sexan obxecto de adxudicación mediante procedemento aberto, aberto simplificado, restrinxido, de diálogo competitivo, de licitación con negociación, de asociación para a innovación, e nos procedementos negociados nos que non sexa necesario publicar anuncio de licitación, quedando integrada polos seguintes membros:

PRESIDENTE: Carmela Prieto Cal (concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE)

Suplente: Jesús Romero Carracelas (concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE)

VOGAIS:

- Noel López López (concelleiro do grupo municipal do BNG))

Suplente: M^a Diana Cendán Rodríguez (concelleira do grupo municipal do BNG)

-A Secretaria municipal

Suplente: O funcionario que sexa nomeado Secretario accidental

-A Interventora Municipal

Suplente: O funcionario que sexa nomeado Interventor accidental

-O Arquitecto Municipal

Suplente: O Arquitecto Técnico Municipal

SECRETARIO: María Montserrat Pérez Garrote (administrativa do departamento de Administración Xeral)

Suplente: Iris Pita Leonardo (administrativa do departamento de Administración Xeral)

Segundo.- Publicar anuncio referindo este acordo e a composición da Mesa de Contratación permanente na Plataforma de Contratos do Sector Público e no Boletín Oficial da Provincia.

Terceiro.- Notificar este acordo aos designados como membros da Mesa de Contratación permanente.”

A Comisión, por cinco (5) votos a favor, do PSdG-PSOE (3) e do BNG (2), e dúas (2) abstencións do PP, acorda ditaminar a devandita proposición favorablemente e propoñer ao Pleno a súa aprobación.”

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.



O Concello Pleno, en votación ordinaria, por nove (9) votos a favor, do PSdeG-PSOE (5) e do BNG (4), e tres (3) abstencións do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

5. MOCIÓN CONXUNTA PSDEG-PSOE E BNG DE APOIO AO POBO PALESTINO

O Alcalde da palabra á Portavoz do Grupo Municipal PSdeG-PSOE para que lea a moción presentada polos portavoces dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do BNG en data 17.09.2025, a cal foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Plenos de data 22 de setembro de 2025 por cinco (5) votos a favor, do PSdeG-PSOE (3) e do BNG (2), e dúas (2) abstencións do PP:

“Dona Carmela Prieto Cal, Portavoz do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, e a Portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Cedeira, Dona María José Pernas Díaz, presentan a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno da Corporación.

Netanyahu e o seu goberno de ultradereita atoparon o pretexto perfecto para eludir as causas xudiciais por corrupción do primeiro e as ansias expansionistas dos segundos, masacrando ao pobo palestino a raíz do ataque terrorista do 7 de outubro de 2023 perpetrado por Hamás.

Esta organización, impulsada e alentada nos anos oitenta por Israel e Estados Unidos para dividir ao movemento palestino, dirixido e liderado entón pola OLP de Yasser Arafat, ofreceulles en bandexa a disculpa insuperable asesinando a 1.139 persoas e secuestrando a outras 251.

De feito é difícil de crer que os servizos de intelixencia israelí e norteamericano, nada souberan da operación que Hamás estivo planeando durante máis dun ano para mobilizar efectivos por terra, mar e aire.

En calquera caso, nada xustifica a violación do dereito internacional humanitario que Israel está levando a cabo en Palestina, asesinando cada día sen descanso ata este mes de setembro a máis de 66.000 persoas en Gaza e 1.004 en Cisjordania dos cales 16.640 eran nenos e nenas. O resto, ata o 70% do total eran mulleres.

Todo elo executando de todas as formas inimaxinables, bombardeando colexios, hospitais, edificios residenciais ou matando de fame e sede a quenes se atopan en Gaza, sexan nativos, persoal de Nacións Unidas, de ONGs ou periodistas, cortando os subministros de alimentos, auga, medicinas, combustibles e de cantos elementos esenciais podan servirles para a súa supervivencia.

Todo elo debe cualificarse non só de “crímenes de Guerra e lesa humanidade” senón de claramente **xenocidio** polo seu carácter de exterminio intencional e sistemático de igual magnitude que os executados por Hitler na segunda guerra mundial contra o pobo xudeo. O mesmo que Alemaña fixera contra deles, hoxe estao facendo con idéntica crueldade Israel contra mulleres, nenos, nenas e tanta xente indefensa que vaga sen rumbo polas terras de Gaza.

Por todo elo solicitamos de todos e cada un dos concelleiros e concelleiras o apoio a esta moción de:

1. Apoio ao pobo palestino nas súas xustas reivindicacións como estado.
2. Rexeitamento activo ao xenocidio que Israel esta executando contra Palestina.
3. Facer canto estea nas nosas mans para que os países de ben deixen de mirar para outro lado e se impliquen en acabar coa limpeza étnica na Franxa.
4. Denunciar a actitude de Estados Unidos sen cuxa colaboración directa Israel non podería agredir con esta saña insoportable ao sufrinte pobo palestino”



Aberto o turno de intervencións, o Sr. Cribreiro García di: Mire, traen aquí, a este Pleno do Concello de Cedeira, as portavoces do PSOE e do BNG unha moción. Mire, nós, os que estamos aquí neste Pleno, non somos Deputados do Parlamento Galego, non somos Senadores en Madrid, non somos Deputados no Congreso en Madrid, non somos Eurodeputados no Parlamento Europeo e nós non temos competencias en política exterior por parte do Goberno de España, pero si temos competencias para abordar os problemas dos veciños de Cedeira. Todo isto non quere dicir que non teñamos unha propia opinión persoal e libre acerca deste gravísimo conflito. Pero, repito, recordarlle aos portavoces que fomos elixidos para dar solucións ós veciños de Cedeira. Pero, repito, nosoutros non eludimos o debate, cremos que alguén pretende dar leccións de humanidade ós demais. Nós estamos en contra da violencia psíquica, estamos en contra da violencia física, contra o asasinato de homes e mulleres, sexa quen sexa o que os comete, estamos en contra das violacións, en contra dos maltratos, en contra da explotación sexual da muller e todas as mortes inducidas por conflitos políticos. Aí está o caso de Rusia que está a facer outra auténtica matanza, unha masacre contra o pobo de Ucraína, ou outro tipo de mortes inducidas por problemas relixiosos.

Din nesta moción, din na súa moción, textualmente: “Netanyahu e o seu goberno de ultradereita atoparon o pretexto perfecto para eludir as causas xudiciais por corrupción”. Este é un texto que está na moción. Bueno, pois é igual, o mesmo está a pasar aquí con esta moción que vostedes traen aquí. Bueno, pois aquí dicimos publicamente e libremente que Pedro Sánchez e o BNG, que o mantén no seu cargo co seu apoio, atoparon o pretexto perfecto para eludir as causas xudiciais por corrupción. Os cidadáns asisten atónitos á degradación progresiva do Presidente da Nación, do seu Goberno, dunhas Institucións públicas que deberían de ser de todos, pero que o Goberno de España está a utilizar no seu exclusivo interese persoal e partidista. Permítame que faga un resume breve: a muller do Presidente do Goberno acusada de malversación de caudais públicos, de tráfico de influencias, de corrupción nos negocios, de apropiación indevida e de intrusismo coa colaboración de persoal da Moncloa. Hoxe mesmo, estes días, a Audiencia Provincial de Badajoz imputa ao Secretario xeral dos socialistas extremeños e a David Sánchez, o irmán de Pedro, no banquillo. Están tamén acusados de tráfico de influencias, de prevaricación por, presuntamente, enchufar nun posto que o irmán do Presidente do Goberno que para eludir impostos declaraba vivir no estranxeiro, concretamente en Portugal, ao tempo que se aloxaba na Moncloa.

O Tribunal Supremo está investigando ao señor Ábalos -número 2 e Secretario do Partido Socialista Obreiro Español, número 2 do señor Sánchez- por presuntos delitos de organización criminal co feito de tráfico de influencias, malversación; e o seu substituto na Secretaría da organización, o señor Cerdán, continúa en prisión preventiva acusados dos delitos de organización criminal, tráfico de influencias e isto por non falar do interminable ronsel de damas de compañía contratadas con cargo ao orzamento público por parte dun exemplar socialista chamado Koldo García, presunto receptor de comisións ilegais por compra de mascarillas durante a pandemia e mediador internacional nas relacións do Goberno do señor Sánchez con Delcy Rodríguez, recibida na sala Vip do aeroporto de Barajas a pesar de ter prohibida a entrada no espazo Schengen por estar acusada de cometer crimes de lesa humanidade e mentres o Fiscal Xeral do Estado, que debería estar impulsando a investigación e persecución destes delitos, pois permanece ocupado en recorrer a imposición dunha fianza de 150.000 euros imposta polo Tribunal Supremo no auto de apertura do xuízo oral contra o propio Fiscal Xeral do Estado, pois ben sorpréndenos. A nós xa non nos sorprende nin un só destes casos, nin o caso do fontaneiro, o uso partidista do CIS ou doutras institucións, nin as reiteradas prórrogas da tramitación da cesión da AP-9 a Galicia, nin a inenarrable situación do tren na nosa comunidade, nin sequera o recentísimo escándalo das pulseiras de protección a vítimas de violencia machista mereceron que BNG e PSOE pedisen ou trouxesen aquí unha moción. Iso si, son os mesmos grupos que en Madrid asisten impávidos a esta ola de corrupción, porque nosoutros cremos que a verdade, a realidade, é que a verdade non importa, o que importa é intentar desacreditar e traer aquí cortinas de fume doutros lugares para obter algún réditto electoral. Decía Zapatero: nos ven ben un pouco de tensión. Efectivamente, todo o que se está producindo estes días en España é intentar tapar o que está pasando en España con este problema gravísimo que está a acontecer en Gaza.



Pedro Sánchez é o primeiro e último responsable desta organización criminal que está a acontecer en España. É o xefe dunha rede de poder, diñeiro e silencio que implica a cargos públicos, Ministros e ata á súa propia familia. É o maior escándalo político que se veu ultimamente neste país.

Isto sería o que fixo Netanyahu, unha estratexia para eludir as causas xudiciais de corrupción, tapar todo, pero -como dicía anteriormente- nosoutros non eludimos o debate e queremos facer unha declaración institucional pola paz, pola protección da poboación civil e a defensa da legalidade internacional en Gaza.

Continúa falando o Sr. Cribreiro García: O 7 de outubro de 2023 o grupo terrorista HAMAS vulnerou as fronteiras de Israel para perpetrar un grave ataque terrorista contra a poboación civil que se cobrou a vida de 1195 civís e o secuestro doutros 251. Todos foron asasinados e algunha mulleres violadas.

Ademais de atentar contra obxectivos civís israelís, o segundo obxectivo desta matanza era dinamitar o acercamento entre Israel e Arabia Saudí, no marco dos denominados Acordos de Abraham, que perseguen establecer un marco de convivencia pacífica e duradeira en Oriente Medio.

O Goberno israelí, en resposta a este ataque ordenou o inicio dunha campaña militar na franxa de Gaza co obxecto de perseguir aos culpables e liberar aos rehéns que continúan en mans do grupo terrorista Hamas. Todavía están secuestrados a día de hoxe.

Nembargantes, co paso do tempo, o lexítimo intento de liberar aos rehéns ten derivado nunha campaña militar de carácter xeral, desproporcionada e indiscriminada que está a provocar a morte de decenas de miles de palestinos, un incontable número de feridos, ademais do éxodo masivo da poboación gazatí, obrigada a fuxir dos seus fogares ante a virulencia e persistencia da campaña militar que están padecendo.

Ante esta dramática situación, engádese aínda un maior sufrimento causado pola negativa do goberno israelí a permitir a chegada á zona de axuda humanitaria, e consecuentemente, a severa privación de alimento, auga, medicamentos, e outros subministros básicos dunha poboación civil extenuada, o que está a provocar unha catástrofe humanitaria sen precedentes, e a escalada dun conflito enquistado durante décadas que ameaza con estenderse a toda a rexión, con consecuencias imprevisibles.

Ante esta situación, o pobo galego cremos e as súas institución non poden permanecer impasibles polo que a nosa moción sería:

- 1.- Solicitar a declaración dun alto o fogo inmediato, incondicional e permanente en Gaza encamiñado a protexer a vida da poboación civil de Gaza e de Israel, garantindo o cese de calquera actividade militar ou terrorista na zona.
- 2.- Solicitar a liberación inmediata e incondicional dos rehéns civís israelís e estranxeiros, e dos presos palestinos detidos arbitrariamente.
- 3.- Solicitar a inmediata apertura de corredores humanitarios permanentes que permitan, baixo a coordinación de ONU, a entrada plena, segura, rápida e sen restricións arbitrarias de axuda humanitaria destinada a poboación gazatí.
- 4.- Condenar os atentados terroristas perpetrados por Hamas -había que recordar o 11M en Madrid, como os terroristas de Hamas brindaban con champán e queimaban bandeiras españolas nese momento- deseñados para causar a morte indiscriminada de civís, e a paralización e a ruptura dos acordos de Abraham, que supoñen un significativo avance na pacificación da rexión a través do mutuo recoñecemento dos países asinantes.
- 5.- Condenar expresamente a morte de todos os cidadáns españois vítimas deste conflito, e nomeadamente a recente perda de Yaakov Pinto, asasinado xunto con outros 5 civís, no atentado perpetrado por HAMAS en Xerusalem o pasado 8 de setembro.
- 6.- Condenar a desproporcionada e inxusta actividade militar ordeada polo goberno de Israel, que está a causar a morte de decenas de miles de cidadáns gazatíes, e o desprazamento masivo da poboación civil da franxa de Gaza causando unha gravísima crise humanitaria. Asemade conminamos ás autoridades israelís a voltar inmediatamente ao escrupuloso cumprimento do Dereito Internacional, respectando os principios humanitarios establecidos pola convención de Xenebra e polas resolucións de Nacións Unidas.
- 7.- Exhortar á Comunidade internacional, e especialmente a Unión Europea, a promover a resolución do conflito impulsando o recoñecemento de Palestina como Estado, como consecuencia dun proceso de



negociación entre as partes que garanta de forma estable e perdurable a paz e a seguridade para ambas, reafirmando a nosa convicción de que a única solución posible para o conflito pasa pola coexistencia de dous Estados, Israel e Palestina, mutuamente recoñecidos.

8.- Expresar o seu máximo respecto polas distintas manifestacións de solidariedade con todas as vítimas do conflito, sempre que se desenvolvan de maneira pacífica e con respecto á legalidade vixente, condenando expresamente os intentos de amedrentamento, confrontación ou boicot de calquera actividade, que pretendan alterar a normal convivencia entre cidadáns, e trasladar o seu recoñecemento aos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado encargados de velar polo mantemento do orden público.

Asemade, amosa a súa máis enérxica condena a toda expresión de antisemitismo ou islamofobia, reafirmando o seu compromiso co respecto á diversidade cultural, á diversidade ideolóxica e á diversidade relixiosa, de conformidade cos principios de liberdade e tolerancia expresados na Constitución Española.

O Sr. Cribeiro García continúa dicindo: E finalmente, dende o Grupo Popular de Cedeira si imploramos, si chamamos e si esiximos o fin desta gravísima masacre.

O Sr. Alcalde di: Remataches? Grazas. Bueno, ía falar só do que é a moción, pero bueno quería apuntar un par de pinceladas. Creo que moitas cousas que se faloron aquí están un pouco fóra de lugar traelas a isto. Sobre todo, porque empezamos falando das competencias de que se non temos competencias nosoutros no Estado ou no exterior ou en Europa e, ao final, o Partido Popular de Cedeira nos trae emendas para meter na moción que teñen que ver con todo iso. É dicir, é unha incongruencia total.

Antes de nada, tamén quero dicir que nosoutros estamos en contra de todos os casos de corrupción, de todos, de todos e confiamos na Xustiza para que se resolvan. E quen a faga que a pague. Agora, leccións de moralidade do Partido Popular, cando é o único partido condenado como organización criminal pola Audiencia Nacional por corrupción, ten delito, neste país. Así que creo que leccións aos partidos as xustas e a xente que comete ese tipo de infraccións, chamadas corrupción, que as pague. Que as pague con todas as da Lei, sexan uns ou sexan outros.

Sobre a moción, bueno, dicíamos que non se traían mocións que non teñen que ver coas competencias e trouxéronse mocións a favor de Ucraia e condenando a Rusia, neste caso, e creo que nosoutros que debemos ser valentes e ser consecuentes con todas as accións que facemos e non queremos pasar, que o Goberno municipal, todas as Concelleiras e Concelleiros, tomen parte neste asunto, que podan dar a súa opinión, e a nosa opinión é que condenamos todos os ataques terroristas, todos, todos os ataques terroristas veñan de Hamás, veñan de ETA –cando estiveron alí-, así como vostede fixo referencia ao 11M, nosoutros condenamos o terrorismo cando outros o que fan é... quixeron confundir á poboación dicindo que o terrorismo do 11M fora ETA ou cando o señor da guerra, o señor Aznar, nos meteu nese conflito de Iraq buscando esas armas de destrución masiva.

O público pregunta a que ven falar diso.

O Sr. Alcalde di: Non sei que dixo.

A Sra. López Rodríguez di: Está preguntando a que ven falar diso. Ela acaba de chegar.

O Sr. Alcalde di: Estou contestando a unha intervención anterior, vale? Xa non sei, porque me lío. En fin, que esta moción o que trae é condenar o xenocidio que está habendo agora mesmo por parte de Israel, un Estado que no seu momento sufriu un xenocidio brutal, onde morreron máis de 4 ou 5 millóns de persoas que sufriu polo fascismo de Hitler e que agora mesmo pois está facendo o mesmo, executando a civís en Palestina, non? Cremos que si, que o conflito se ten que resolver pacíficamente, e ninguén vería nin ninguén entendería que o Estado español, no seu momento, España, que o Goberno actuara contra ETA bombardeando Euskal Herria, non? Senón chegando e buscando unha paz e condenando a aquelas persoas que fixeran o terrorismo. Terrorismo que produciu tanta vergoña e tanta dor en España, non? E iso é que o que estamos a facer con esta moción, que se teñan en conta os valores humanos, que



nosoutros respectemos aos demais. Que non se volva a repetir, que se acabe dunha vez por todas esa condena que están sufrindo os civís en Palestina. Sabemos que agora mesmo moitos países, cando se rían do Presidente do Goberno que recoñecía a Palestina como Estado, agora o están facendo a maioría dos países do mundo. Iso realmente é o que pretendemos con todo isto, que cese esa barbarie, que non teñan que abandonar os seus fogares, que poidan vivir en paz e, sobre todo, tamén condenamos precisamente, como dixemos antes, a Hamás de que sexa un grupo, ese grupo terrorista que sexa tamén condenado polos seus actos bélicos como fixeron nese atentado contra civís en Israel.

Nada máis. Procedemos a votar.

O Sr. Alcalde di: Entendemos estas proposicións que fai o Partido Popular como una emenda, pero como, volvo ao principio, como incluso manifestou o portavoz do Partido Popular non é unha competencia propia do Concello, invítovos particularmente a que presentedes esta moción como unha moción particular vosa e será nese momento consensuada entre todos, se se decide. Así que de momento, nosoutros non imos aceptar a emenda, imos votar so a moción tal cual a presentamos.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por nove (9) votos a favor, do PSdeG-PSOE (5) e do BNG (4), e tres (3) abstencións do PP, ACORDA: APROBAR o ditame da Comisión Informativa de Plenos nos termos nos que quedou transcrito.

6. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 383/2025 DE DATA 31.07.2025. APROBACIÓN DO PROXECTO EMENDADO DE “AMPLIACIÓN E MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA ÁREA RECREATIVA DA MAGDALENA”. POS+2025 COMPLEMENTARIO

Pola Secretaría accidental dáse lectura, en extracto, ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 22 de setembro de 2025, que di:

“Vista a Resolución de Alcaldía núm. 383/2025 de data 31.07.2025, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DO PROXECTO EMENDADO DE “AMPLIACIÓN E MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA ÁREA RECREATIVA DA MAGDALENA”. POS+2025 COMPLEMENTARIO

Expte. 2025/C003/000002

Mediante o acordo plenario de data 06.02.2025 solicitouse a participación no POS+2025 da Deputación Provincial, no cal foi incluído entre outros, o proxecto denominado **"Ampliación e mellora do parque infantil da área recreativa da Magdalena"**.

Este proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación Provincial cun resultado desfavorable.

Con data 23.07.2025 o redactor do proxecto D. Miguel Fiuza Canosa presentou o proxecto emendado denominado “Ampliación e mellora do parque infantil da área recreativa da Magdalena”, asinado dixitalmente con data 23.07.2025, o cal non varía no seu orzamento con respecto ao inicialmente redactado.

Por isto, **RESOLVO:**



1.- Aprobado o proxecto técnico denominado “Ampliación e mellora do parque infantil da área recreativa da Magdalena”, emendado de acordo co requirimento dos Servizos Técnicos da Deputación Provincial e asinado dixitalmente con data 23.07.2025 polo redactor D. Miguel Fiuza Canosa, o cal contén modificacións que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin á súa valoración económica.

2.- Enviar o antedito proxecto técnico á Deputación Provincial a través da plataforma telemática SUBTEL para a súa inclusión no POS+2025, en substitución do exemplar inicialmente enviado.

3.- Ratificar a presente resolución polo Pleno da corporación na vindeira sesión que realice.”

A Comisión, por cinco (5) votos a favor, do PSdG-PSOE (3) e do BNG (2), e dúas (2) abstencións do PP, acorda emitir ditame favorable e propoñer ao Pleno a ratificación da Resolución de Alcaldía nº 383/2025 de data 31.07.2025.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Cribeiro García di: Na Resolución da Alcaldía fálase que con data 22.08.2025 recibíuse un requirimento do Servizo de Xestión de Plans da Deputación Provincial para emendar erros do proxecto técnico, que tipo de erros son?

O Sr. Alcalde di: Pois estes... imos a ver calquer proxecto vai sempre ratificado pola Deputación na Plataforma, neste caso nesta resolución nos mandaron unha serie de correccións que hai que facer, agora mesmo eu si que non as teño aquí, non sei se aparece no expediente.

A Sra. Interventora di: Aquí pon... consistentes en erros de transcripción nos prezos indicados.

O Sr. Alcalde di: Aquí pon con data 22.08.2025 recibíuse un requirimento do Servizo de Xestión de Plans da Deputación... emendar erros do proxecto técnico consistentes en erros de transcripción nos prezos indicados para algunhas unidades...

A Sra. Secretaria accidental di: Cal estades mirando? Esta é a resolución 383?

A Sra. Interventora di: Esta é a outra.

A Sra. Secretaria accidental di: Hai dúas.

O Sr. Alcalde di: Neste caso veñen, como son emendas nos prezos indicados, é dicir, o que van a ser as unidades de obra. Normalmente as unidades de obra cando se fan os proxectos veñen indicados, dependendo duns epígrafes que veñen nuns libros, saen nunhas táboas que hai, e debe ser que hai algúns prezos que están errados e o que fan é unha corrección de erros. Temos que volver a presentar o proxecto e volver a ser ratificado pola Deputación.

O Sr. Cribeiro García di: E que tipo de prezos?

O Sr. Alcalde di: Non os teño aquí, pois tería que mirar e no seguinte Pleno se che comunicarán, vale?

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: RATIFICAR a Resolución de Alcaldía nº 383/2025 de data 31.07.2025.

7. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 417/2025 DE 27.08.2025. APROBACIÓN DO PROXECTO EMENDADO DE MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA DA CONSTITUCIÓN. POS+ADIC 2 2025



Pola Secretaría accidental dáse lectura, en extracto, ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 22 de setembro de 2025, que di:

“Vista a Resolución de Alcaldía núm. 417/2025 de data 27.08.2025, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DO PROXECTO EMENDADO DE MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA DA CONSTITUCIÓN. POS+ADIC 2 2025

Expte. 2025/C003/000001

Mediante o acordo plenario de data 06.02.2025 solicitouse a participación no POS+2025 da Deputación Provincial, no cal foi incluído entre outros, o proxecto denominado "Mellora do parque infantil da Praza da Constitución".

Con data 20.02.2025 recibíuse un requirimento do Servizo de Xestión de Plans da Deputación Provincial para emendar erros do proxecto técnico consistentes en adaptar a estrutura obrigatoria prevista nas bases do POS; e con data 24.02.2025 (R.E. 2025/999/383) foi presentado a través da plataforma SUBTEL o proxecto emendado, asinado dixitalmente na mesma data polo redactor do proxecto D. Miguel Fiuza Canosa.

Con data 13.08.2025 recibíuse un requirimento do Servizo de Xestión de Plans da Deputación Provincial no cal comunican a supervisión favorable do proxecto emendado, e que “para continuar coa súa tramitación é necesario achegar a documentación xustificativa da aprobación polo órgano municipal competente deste proxecto”.

Por isto, **RESOLVO:**

1.- Aprobar o proxecto técnico denominado “Mellora de parque infantil da Praza da Constitución”, emendado de acordo co requirimento do Servizo de Xestión de Plans da Deputación Provincial e asinado dixitalmente con data 24.02.2025 polo redactor D. Miguel Fiuza Canosa, o cal contén modificacións que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin á súa valoración económica.

2.- Enviar o antedito proxecto técnico á Deputación Provincial a través da plataforma telemática SUBTEL para a súa inclusión no POS+ADIC 2 2025, en substitución do exemplar inicialmente enviado.

3.- Ratificar a presente resolución polo Pleno da corporación na vindeira sesión que realice.”

A Comisión, por cinco (5) votos a favor, do PSdG-PSOE (3) e do BNG (2), e dúas (2) abstencións do PP, acorda emitir ditame favorable e propoñer ao Pleno a ratificación da Resolución de Alcaldía nº 417/2025 de data 27.08.2025.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Cribeiro García di: A pregunta sería...

O Sr. Alcalde di: A contestación vouche dar a mesma, é dicir, no momento que teñamos, mañá pola mañá miramos o informe técnico enviado por Deputación e xa se vos envía, vale?

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: RATIFICAR a Resolución de Alcaldía nº 417/2025 de data 27.08.2025.



8. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 430/2025 DE DATA 28.08.2025. APROBACIÓN DO PROXECTO EMENDADO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA ÁREA RECREATIVA DA MAGDALENA. POS+2025 COMPLEMENTARIO

Pola Secretaria accidental dáse lectura, en extracto, ao ditame da Comisión Informativa de Plenos de data 22 de setembro de 2025, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DO PROXECTO EMENDADO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA ÁREA RECREATIVA DA MAGDALENA. POS+2025 COMPLEMENTARIO

Expte. 2025/C003/000002

Mediante o acordo plenario de data 06.02.2025 solicitouse a participación no POS+2025 da Deputación Provincial, no cal foi incluído entre outros, o proxecto denominado "Ampliación e mellora do parque infantil da área recreativa da Magdalena".

Con data 22.08.2025 recibíuse un requirimento do Servizo de Xestión de Plans da Deputación Provincial para emendar erros do proxecto técnico consistentes en erros de transcripción nos prezos indicados para algunhas unidades de obra; e con data 26.08.2025 (R.E. 2025/999/1762) foi presentado a través da plataforma SUBTEL o proxecto emendado, asinado dixitalmente na mesma data polo redactor do proxecto D. Miguel Fiuza Canosa.

Por isto, **RESOLVO:**

1.- Aprobar o proxecto técnico denominado “Ampliación e mellora de parque infantil da área recreativa da Magdalena”, emendado de acordo co requirimento do Servizo de Xestión de Plans da Deputación Provincial e asinado dixitalmente con data 26.08.2025 polo redactor D. Miguel Fiuza Canosa, o cal contén modificacións que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a realizar nin á súa valoración económica.

2.- Enviar o antedito proxecto técnico á Deputación Provincial a través da plataforma telemática SUBTEL para a súa inclusión no POS+2025 COMPLEMENTARIO, en substitución do exemplar inicialmente enviado.

3.- Ratificar a presente resolución polo Pleno da corporación na vindeira sesión que realice.”

A Comisión, por cinco (5) votos a favor, do PSDG-PSOE (3) e do BNG (2), e dúas (2) abstencións do PP, acorda emitir ditame favorable e propoñer ao Pleno a ratificación da Resolución de Alcaldía nº 430/2025 de data 28.08.2025.”

Aberto o turno de intervencións, o Sr. Alcalde di: Antes de que me fagas a pregunta, enviarase tamén o informe técnico, vale? Se me ías preguntar iso. Xulio, se queres dicir algo.

O Sr. Cribeiro García di: Non, non, non, como sabes todo xa.

O Sr. Alcalde di: Grazas. Procedemos a votar.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: RATIFICAR a Resolución de Alcaldía nº 430/2025 de data 28.08.2025.



9. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 466/2025 DE DATA 12.09.2025 DE MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Dáse conta ó Pleno da resolución de Alcaldía núm. 466/2025 de data 12.09.2025, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto que mediante a resolución de Alcaldía nº 345/2023, de data 10.07.2023, determinouse a composición, o réxime de sesións e as competencias da Xunta de Goberno Local e mediante a resolución de Alcaldía nº 436/2023, de data 11.09.2023, foi modificada a hora das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local.

Visto que no Pleno ordinario de data 30.07.2025 tomouse coñecemento da renuncia ao cargo de Concelleiro presentada por D. Xosé Arribe Rodríguez, quen foi substituído por Dª María Diana Cendán Rodríguez tras tomar posesión do cargo de Concelleira no Pleno extraordinario de data 10.09.2025.

De conformidade coas atribucións conferidas polos artigos 20.1 b) e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, 35.2 e 52 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Modificar a composición da Xunta de Goberno Local quedando integrada polos seguintes membros:

- Dª María José Pernas Díaz
- D. Ismael Durán Bereijo
- Dª Manuela López Rodríguez
- Dª Lucía Picos Aneiros

A Xunta de Goberno Local estará integrada polo Alcalde, que exercerá a Presidencia, e os Concelleiros antes mencionados.

SEGUNDO.- O réxime das sesións da Xunta de Goberno Local, as súas competencias, periodicidade e demais aspectos do seu réxime de funcionamento, mantéñense nos mesmos termos establecidos nas resolucións de Alcaldía nº 345 e 436, de datas 10.07.2023 e 11.09.2023, respectivamente.

TERCEIRO.- Da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, e publicándose no boletín oficial da provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende a súa promulgación, conforme se indica no número 1 do artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, e o artigo 52.4 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

O Pleno queda enterado.

10. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 467/2025 DE DATA 15.09.2025 DE MODIFICACIÓN DO NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE



Dáse conta ó Pleno da resolución de Alcaldía núm. 467/2025 de data 15.09.2025, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: MODIFICACIÓN DO NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE

Visto que mediante a resolución de Alcaldía nº 347/2023, de data 10.07.2023, foron nomeados os Tenentes de Alcalde.

Visto que no Pleno ordinario de data 30.07.2025 tomouse coñecemento da renuncia ao cargo de Concelleiro presentada por D. Xosé Arribe Rodríguez, 1º Tenente de Alcalde, quen foi substituído por Dª María Diana Cendán Rodríguez tras tomar posesión do cargo de Concelleira no Pleno extraordinario de data 10.09.2025.

Visto que mediante a resolución de Alcaldía nº 466/2025, de data 12.09.2025, foi modificada a composición da Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 21.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, no artigo 46.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 62 e 63 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Modificar o nomeamento dos Tenentes de Alcalde, quedando da seguinte maneira:

- 1ª Tenente de Alcalde: Dª María José Pernas Díaz
- 2º Tenente de Alcalde: D. Ismael Durán Bereijo
- 3ª Tenente de Alcalde: Dª Manuela López Rodríguez
- 4ª Tenente de Alcalde: Dª Lucía Picos Aneiros

Ós Tenentes de Alcalde, en canto tales, corresponderalles substituír a esta Alcaldía na totalidade das súas funcións e pola orde de nomeamento nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións de Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

SEGUNDO.- Nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento as funcións do Alcalde non poderán ser asumidas por quen corresponda sen expresa delegación.

TERCEIRO.- Non obstante o anterior, cando esta Alcaldía se ausente do termo municipal por máis de vinte e catro horas sen conferir delegación, será substituída polo Primeiro Tenente de Alcalde e, no seu defecto, polos seguintes na orde establecida, debendo dar conta desa circunstancia o resto da Corporación e, en particular, ós voceiros dos distintos grupos políticos municipais.

CUARTO.- Notificar esta Resolución ós Tenentes de Alcalde, facéndolles constar que terán que manter informada a esta Alcaldía do exercicio das súas atribucións como Alcalde Accidental non podendo, no citado exercicio, modifica-las delegacións efectuadas por esta Alcaldía, nin outorgar outras novas.

QUINTO.- Da presente Resolución darase conta ó Pleno na primeira sesión que realice, notificándose ademais persoalmente aos designados, e publicándose no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende a súa promulgación.”



O Pleno queda enterado.

11. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 468/2023 DE DATA 15.09.2025 MODIFICACIÓN DOS CONCELLEIROS-DELEGADOS

Dáse conta ó Pleno da resolución de Alcaldía núm. 468/2025 de data 15.09.2025, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: MODIFICACIÓN DOS CONCELLEIROS-DELEGADOS

Visto que mediante a resolución de Alcaldía nº 346/2023, de data 10.07.2023, determináronse as delegacións xenéricas e especiais feitas nos Concelleiros-Delegados.

Visto que no Pleno ordinario de data 30.07.2025 tomouse coñecemento da renuncia ao cargo de Concelleiro presentada por D. Xosé Arribe Rodríguez, quen foi substituído por Dª María Diana Cendán Rodríguez tras tomar posesión do cargo de Concelleira no Pleno extraordinario de data 10.09.2025.

Visto que mediante a resolución de Alcaldía nº 466/2025, de data 12.09.2025, foi modificada a composición da Xunta de Goberno Local.

De conformidade coas atribucións conferidas polos artigos 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, artigos 43 a 45 e 114 a 118 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 61.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Modificar o réxime de delegacións xenéricas, efectuado a favor dos membros da Xunta de Goberno Local, referidas ás áreas que se determinan, e nas materias que no seu caso se detallan, ó abeiro do que dispón o artigo 43.3 do ROF, con facultades para dirixir e xestionar os servizos correspondentes, baixo a supervisión da Alcaldía, pero sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, quedando establecido nos seguintes termos:

- Dª María José Pernas Díaz: Concelleira-Delegada de **Medio Rural, Parroquias e Deportes**
- D. Ismael Durán Bereijo: Concelleiro-Delegado de **Medio Ambiente**
- Dª Manuela López Rodríguez: Concelleira-Delegada de **Emprego e Promoción Económica**
- Dª Lucía Picos Aneiros: Concelleira-Delegada de **Igualdade**

SEGUNDO.- Modificar o réxime de delegacións especiais efectuado a favor dos Concelleiros que se citan, ó abeiro do que dispón o artigo 43.4 e 43.5 do ROF, con responsabilidade para a dirección interna e xestión de servizos, baixo a supervisión da Alcaldía, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, quedando establecido nos seguintes termos:

- D. Jesús Romero Carracelas: Concelleiro-Delegado de **Obras, Servizos, Praias e Cemiterios**
- Dª Carmela Prieto Cal: Concelleira-Delegada de **Servizos Sociais, Lecer, Persoal, Participación Cidadá e Facenda**
- D. Noel López López: Concelleiro-Delegado de **Educación, Mocidade e Normalización Lingüística**
- Dª María Diana Cendán Rodríguez: Concelleira-Delegada de **Cultura e Patrimonio**



TERCEIRO.- Da presente Resolución darase coñecemento ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este realice, notificándose ademais persoalmente aos designados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da presente Resolución, conforme se indica no artigo 44.2 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo cal se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

O Pleno queda enterado.

12. DAR CONTA DA MODIFICACIÓN DOS MEMBROS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

O Concello Pleno, en sesión extraordinaria realizada o 13 de xullo de 2023, adopta acordo polo que se crean as Comisións Informativas permanentes da Corporación Municipal e se determina a composición das mesmas.

En sesión plenaria de data 27 de xullo de 2023 dáse conta da adscrición concreta a cada Comisión Informativa dos membros da Corporación que forman parte das mesmas en representación de cada grupo político municipal, realizada mediante escrito dos respectivos Voceiros dirixido ao Alcalde.

En data 24 de maio de 2024 o Pleno toma coñecemento da renuncia ó cargo de Concelleira de D^a María Luz Leonardo Aneiros, como consecuencia do cal en sesión plenaria de data 1 de agosto de 2024 toma posesión o novo Concelleiro D. Higinio Manuel Casas Regueira.

En data 17 de setembro de 2024 se presenta escrito polo Voceiro do grupo municipal do Partido Popular, comunicando os membros da Corporación que en representación de dito grupo deben formar parte de cada Comisión. En data 26 de setembro de 2024 dáse conta ao Pleno da modificación dos membros das Comisións Informativas.

En data 30 de xullo de 2025 o Pleno toma coñecemento da renuncia ó cargo de Concelleiro de D. Xosé Antón Arribe Rodríguez, como consecuencia do cal en sesión plenaria de data 10 de setembro de 2025 toma posesión a nova Concelleira D^a M^a Diana Cendán Rodríguez.

En data 12 de setembro de 2025 se presenta escrito pola nova Voceira do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, comunicando os membros da Corporación que en representación de dito grupo deben formar parte de cada Comisión.

En consecuencia, visto o establecido no artigo 125 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, as Comisións Informativas permanentes da Corporación Municipal quedan constituídas polos seguintes Concelleiros:

Comisión Informativa de Plenos:

Presidente: Sr. Alcalde D. Pablo Diego Moreda Gil (PSOE)

- D. Ismael Durán Bereijo (PSOE)

- D^a Lucía Picos Aneiros (PSOE)

SUPLENTEs:

- D. Jesús Romero Carracelas (PSOE)

- D^a Carmela Prieto Cal (PSOE)

- D. Xulio Cribeiro García (PP)

- D. Pablo Nebril López (PP)



SUPLENTE:

- D. Higinio Manuel Casas Regueira (PP)
- D^a Olga Iglesias Bereijo (PP)

- D^a María José Pernas Díaz (BNG)
- D^a M^a Diana Cendán Rodríguez (BNG)

SUPLENTE:

- D. Noel López López (BNG)
- D^a Manuela López Rodríguez (BNG)

Comisión Informativa de Urbanismo:

Presidente: Sr. Alcalde D. Pablo Diego Moreda Gil (PSOE)

- D. Ismael Durán Bereijo (PSOE)
- D^a Carmela Prieto Cal (PSOE)

SUPLENTE:

- D^a Lucía Picos Aneiros (PSOE)
- D. Jesús Romero Carracelas (PSOE)

- D. Xulio Cribreiro García (PP)
- D. Pablo Nebril López (PP)

SUPLENTE:

- D. Higinio Manuel Casas Regueira (PP)
- D^a Olga Iglesias Bereijo (PP)

- D^a Manuela López Rodríguez (BNG)
- D^a M^a Diana Cendán Rodríguez (BNG)

SUPLENTE:

- D^a María José Pernas Díaz (BNG)
- D. Noel López López (BNG)

Comisión Especial de Contas:

Presidente: Sr. Alcalde D. Pablo Diego Moreda Gil (PSOE)

- D. Ismael Durán Bereijo (PSOE)
- D^a Carmela Prieto Cal (PSOE)

SUPLENTE:

- D^a Lucía Picos Aneiros (PSOE)
- D. Jesús Romero Carracelas (PSOE)

- D. Xulio Cribreiro García (PP)
- D^a Olga Iglesias Bereijo (PP)

SUPLENTE:

- D. Pablo Nebril López (PP)
- D. Higinio Manuel Casas Regueira (PP)

- D^a Manuela López Rodríguez (BNG)
- D^a M^a Diana Cendán Rodríguez (BNG)

SUPLENTE:

- D^a María José Pernas Díaz (BNG)
- D. Noel López López (BNG)



O Pleno queda enterado.

13. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA ADOPTADAS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por RD 2568/1986, a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas desde a realización da última sesión plenaria con carácter ordinario, aos efectos de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Nº Decreto	ASUNTO
00367/2025	APROBACIÓN DA ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE O MINISTERIO PARA A TRANSFORMACIÓN DIXITAL E DA FUNCIÓN PÚBLICA (SECRETARÍA DE ESTADO DE FUNCIÓN PÚBLICA) E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A PRESTACIÓN MUTUA DE SOLUCIÓNS BÁSICAS DE ADMINISTRACIÓN DIXITAL. (EXPTE 2025/A006/000009)
00368/2025	SOLICITUDE DE RENOVACION DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E MOBILIDADE REDUCIDA EXPTE TEDEC 2025/V006/000015
00369/2025	LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS, COMPOSICIÓN DA COMISIÓN SELECCIONADORA E DATA DAS PROBAS PARA A NOVA AMPLIACIÓN ANO 2025 DA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS
00370/2025	APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE CEDEIRA PARA O ANO 2025 (EXPTE 2025/A005/000004)
00371/2025	CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO 30.07.2025
00372/2025	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2025/33 (GAS NATURAL)
00373/2025	NÓMINA XULLO 2025
00374/2025	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2025/32
00375/2025	APROBACIÓN DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS ÁS COMISIÓNS DE FESTAS PARROQUIAIS DE CEDEIRA ANO 2025
00376/2025	APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS DE ÁMBITO MUNICIPAL DE CEDEIRA PARA O ANO 2025
00377/2025	APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS SOCIOCULTURAIS DE ÁMBITO MUNICIPAL DE CEDEIRA PARA O ANO 2025
00378/2025	LEVANTAMIENTO REPARO RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/34
00379/2025	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000035977 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00380/2025	NÓMINA ATRASOS SEGUNDO O DISPOSTO NA ORDE PJC/681/2025, DO 1 DE XULLO, POLA SE APROBA O INCREMENTO DO 0,5 POR CENTO DAS RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL AO SERVIZO DO SECTOR PÚBLICO PREVISTO NO ARTÍGO 6.2 DO RDL 4/2024, DO 26 DE XUÑO.
00381/2025	NOMEAMENTO DE BENIGNO PÉREZ GARCÍA COMO TESOUREIRO ACCIDENTAL DENDE O 5 AO 28 DE AGOSTO DE 2025
00382/2025	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DÚAS PERSOAS COMO INFORMADORAS/ES DE TURISMO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS 2025
00383/2025	APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO EMENDADO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA ÁREA RECREATIVA DA MAGDALENA. POS+2025 COMPLEMENTARIO
00384/2025	CONTRATACIÓN DOS ESPECTÁCULOS INCLUÍDOS NA REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL 2025
00385/2025	APROBACIÓN DA NOVA AMPLIACIÓN 2025 DA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR



	CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS
00386/2025	SOLICITUDE DE SUSPENSIÓN PROCEDEMENTO SELECCIÓN DE PERSOAL – OEP EXTRAORDINARIA 2022 ESTABILIZACIÓN EMPREGO TEMPORAL, PRAZA PSICOLÓGO/A
00387/2025	TARJETA DE ESTACIONAMIENTO Y ACCESIBILIDAD PARA PERSONAS CON MOVILIDAD REDUCIDA A NOMBRE DE FRANCISCO JAVIER GONZALEZ BARCIA
00388/2025	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS. EXPTE TEDEC 2025/S009/000034
00389/2025	SOLICITUDE DE AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL PARA NECESIDADES BASICAS.
00390/2025	CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE ESTUDIO DE PATOLOXÍA EN PAVIMENTO EXTERIOR DO CASCO VELLO
00391/2025	ORDE DE EXECUCIÓN A MARÍA CARMEN MINGUEZ SERRANO E EMILIO DIAZ RODRIGUEZ (MALEZA EN PARCELA URBANA)
00392/2025	ORDE DE EXECUCIÓN A HROS DE PASTOR LOUREIRO GARCÍA (MALEZA EN PARCELA URBANA)
00393/2025	XUSTIFICACION DA AES CONCEDIDA NO DECRETO 215/2025 DO 08.05.2025. EXPTE. TEDEC 2025/S009/000016
00394/2025	XUSTIFICACION DA AES CONCEDIDA NO DECRETO 200/2025 DO 30.04.2025. EXPTE TEDEC 2025/S009/000014
00395/2025	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE XULLO DE 2025
00396/2025	CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE CONTROL DE CALIDADE PARA A OBRA DE MELLORA DA CAPA DE RODADURA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS. AGADER 2025-26
00397/2025	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN DE DON CARLOS FERNÁNDEZ FRANCO COMO OPERARIO - CONDUTOR A XORNADA COMPLETA, EN QUENDA DE TARDE, DURANTE 180 DÍAS.
00398/2025	PRÓRROGA DO NOMEAMENTO DE DON JESÚS PITA LEONARDO COMO FUNCIONARIO ADMINISTRATIVO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS ATA O 19 DE FEBREIRO DE 2026.
00399/2025	CORRECCIÓN ERRO NA APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 2- ÚLTIMA DA OBRA DE MELLORA DOS CAMIÑOS DE MEIZOSO A BIDUIDO E AS CORRESPONDENTES FACTURAS. AGADER 2024-2025
00400/2025	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DE EQUIPAMENTOS DE EMERXENCIAS 2025
00401/2025	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2025/35
00402/2025	DELEGACIÓN DA PRESIDENCIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18.08.2025 NO SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE
00403/2025	DISPOSICIÓN DE GASTOS POR ASISTENCIAS A VARIOS PROCESOS PARA NA ANUALIDADE 2025 PARA BOLSAS DE TRABAJO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS E CONTRATACIÓN A TRAVÉS DE SUBVENCIÓNS
00404/2025	ORDE DE EXECUCIÓN A Mª PILAR HEVIA SANDE, Mª MONTSERRAT CASA HEVIA, LUZ PILAR CASAS HEVIA (MALEZA EN PARCELA URBANA)
00405/2025	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000036112 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00406/2025	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000036088 ACUERDO INICIO 9BIS ACUERDO INICIO NO IDENTIFICACIÓN CONDUCTOR
00407/2025	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000036169 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00408/2025	APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES DA XI CERTAME DE PINTURA RÁPIDA O AR LIBRE VILA DE CEDEIRA
00409/2025	XUSTIFICACION DA AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL CONCEDIDA NO DECRETO 250/2025 DO 29/05/2025
00410/2025	CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN PEÓN AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE CEDEIRA PARA O FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2025, DE FORMA INDIVIDUAL E MEDIANTE O SISTEMA DE XESTIÓN COMPARTIDA,



	DESTINADAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA (DOG NÚM. 25, DO 6 DE FEBREIRO).
00411/2025	INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DO SERVIZO SEGUNDO O DISPOSTO NO REAL DECRETO 462/2002, DO 24 DE MAIO, A FUNCIONARIA EN PRÁCTICAS DONA KAREN PÉREZ PITA POLA ASISTENCIA COMO ALUMNA AO CURSO DA AGASP ENTRE O 18/05 AO 26/06/2025.
00412/2025	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2025/36
00413/2025	LEVANTAMIENTO REPARO Y APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2025/38 (GAS NATURAL)
00414/2025	PAGO DA PRODUTIVIDADE DO ANO 2024 SEGUNDO OS CRITERIOS FIXADOS NA MESA DE NEGOCIACIÓN CELEBRADA O 23 DE ABRIL DE 2024, QUE NON FOI INCLUIDA NO DECRETO 701/2024 DE 23/12/2024 (EXPEDIENTE TEDEC 2024/G003/000723).
00415/2025	LEVANTAMENTO REPARO RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/37
00416/2025	ORDE DE EXECUCIÓN A ALFONSO JAIME MUÑOZ SANCHEZ, INMACULADA ALVAREZ MARTINEZ E PAUL WERNER QUITMANN
00417/2025	APROBACIÓN DO PROXECTO EMENDADO DE MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA DA CONSTITUCIÓN. POS+ADIC 2 2025
00418/2025	NOMEAMENTO DE BENIGNO PÉREZ GARCÍA COMO TESOUREIRO ACCIDENTAL DENTE O 2 AO 30 DE SETEMBRO DE 2025
00419/2025	CAMBIO DE PLACA DE VAO (EXPEDIENTE: 2024/V008/000017)
00420/2025	SOLICITUDE DE NOVA PLACA DE VAO NÚM. 392
00421/2025	SOLICITUDE DE DUPLICADO DE PLACA DO VAO POR DETERIORO DA ANTERIOR CON LICENCIA 354 -RÚA SAN SADURNIÑO 5 A NOME DE JUAN JOSE LOURIDO ROMERO
00422/2025	ORDE DE EXECUCIÓN A MARTINEZ VILLAR ANDRES, HROS. MARTINEZ VILLAR JOSEFA E HROS MARTINEZ VILLAR JOSE (MALEZA EN PARCELA NUCLEO RURAL)
00423/2025	NÓMINA AGOSTO 2025
00424/2025	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000036239 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00425/2025	RESOLUCION ARCHIVO ORDE DE EXECUCIÓN A JOSE MANUEL GARCIA CHEDA (MALEZA EN PARCELA URBANA)
00426/2025	CONTRATO MENOR DE SERVIZO DE REDACCIÓN DE PROXECTO DE REFORMA DO LOCAL MUNICIPAL DA PRAZA DA RECTORAL
00427/2025	RESOLUCION POR CUMPRIMENTO ORDE DE EXECUCIÓN A ELENA GARCÍA BELLO (MALEZA EN PARCELA)
00428/2025	RESOLUCION POR CUMPRIMENTO ORDE DE EXECUCIÓN A ANTONIA NEBRIL CHEDA (MALEZA EN PARCELA)
00429/2025	CONTRATO MENOR DE OBRAS DE RESTAURACIÓN DO MUIÑO DE ESPINAREDO
00430/2025	APROBACIÓN DE PROXECTO EMENDADO DE AMPLIACIÓN E MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA ÁREA RECREATIVA DA MAGDALENA. POS+2025 COMPLEMENTARIO
00431/2025	RESOLUCION ORDE DE EXECUCIÓN A HROS. DE RODRIGO PITA ÁLVAREZ (MALEZA EN PARCELA)
00432/2025	DECRETO APROBACIÓN GASTO ARBITRO FÚTBOL SALA
00433/2025	DECRETO APROBACIÓN GASTO COLABORACIÓN ENTREVISTAS A COIDADORAS
00434/2025	RESOLUCION POR CUMPRIMENTO ORDE DE EXECUCION A PROMAR ORZÁN SL (MALEZA EN PARCELA URBANA)
00435/2025	ORDE DE EXECUCIÓN A FERNANDEZ PALACIOS MARIA JOSE, BELLO GRAÑA ANDRES E EN INVESTIGACIÓN (MALEZA EN PARCELA)
00436/2025	XUSTIFICACION DA AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL CONCEDIDA NO DECRETO 359/2025 DO 21.07.2025.
00437/2025	RESOLUCION ORDE DE EXECUCIÓN A HROS.RODRIGO PITA ÁLVAREZ (MALEZA EN PARCELA)
00438/2025	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000036315 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00439/2025	RESOLUCION ORDE DE EXECUCION A ANA MARÍA GONZÁLEZ SAAVEDRA (MALEZA EN PARCELA)
00440/2025	LISTAS PROVISIONAIS DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS AO PROCESO DE SELECCIÓN PARA



	A AMPLIACIÓN 2024 DA BOLSA DE TRABALLO PARA REALIZAR CONTRATACIÓNS LABORAIS TEMPORAIS OU NOMEAMENTOS INTERINOS PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)
00441/2025	CONTRATACIÓN DE DONA MARÍA DA CONCEIÇÃO AZEVEDO DA SILVA JAQUES COMO AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR PARA SUBSTITUIR A TRABALLADORA POR BAIXA MEDICA DONA MARÍA CARMEN PÉREZ PRIETO, MEDIANTE CONTRATO DE SUBSTITUCIÓN SEGUNDO O ESTABLECIDO NO ARTIGO 15 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2015, DO 23 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO DOS TRABALLADORES.
00442/2025	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO FIRME DOS VIAIS MUNICIPAIS 480, 388, 332 E OUTROS 12. POS+2024
00443/2025	CONVOCATORIA PLENO EXTRAORDINARIO 10.09.2025
00444/2025	RESOLUCION ARQUIVO POR CUMPRIMENTO PROMONTORIA COLISEUM REAL ESTATE SL (MALEZA EN PARCELA)
00445/2025	ASISTENCIAS MEMBROS CORPORACIÓN MUNICIPAL DE AGOSTO DE 2025
00446/2025	APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2025/40 (TAXAS)
00447/2025	RESOLUCIÓN POR ORDE DE EXECUCIÓN A HROS ESTRELLA GARCÍA RODRÍGUEZ (MALEZA EN PARCELA)
00448/2025	XUSTIFICACION DA AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL CONCEDIDA NO DECRETO 167/2025 DO 07.04.2025.
00449/2025	DEVOLUCIÓN DE INGRESOS INDEBIDOS POR NON OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA
00450/2025	SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DOMINIO PUBLICO 4 DIAS - 34 METROS PARA RBT LG CAMPO CRUZ POLIGONO 503 PARCELA 708 (CEDEIRA), CON CÓDIGO SGD: 618324030058. A NOME DE UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A.. POR: SUMINISTRO ELÉCTRICO DE 5,75 KW PARA UNA VIVIENDA UNIFAMILIAR SITUADA EN LUGAR CAMPO CRUZ (REF. CATASTRAL: 15022A503007080000UU) REQUIRIMENTO AVAL: 7.620,74 € APORTADO 24.04.2025
00451/2025	SOLICITUDE XERAL A NOMBRE DE UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A.. SOLICITA: POR LO ANTERIORMENTE EXPUESTO, UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A. SOLICITA AUTORIZACIÓN PARA LA OCUPACIÓN DEL DOMINIO PÚBLICO. LGAR. CIMADEVILA,5 POL. 501 PARCELA 1649 REF. CATASTRAL: 15022A501016490001IP SGD: 618323100136
00452/2025	DELEGACIÓN DA ALCALDÍA NA CONCELLEIRA MARÍA JOSÉ PERNAS DÍAZ PARA CELEBRACIÓN DE MATRIMONIO CIVIL
00453/2025	RESOLUCIÓN ORDE DE EXECUCIÓN A GRUPO MARTE COMUNICACIÓN GRÁFICA S.L. (MALEZA EN PARCELA)
00454/2025	RESOLUCIÓN ORDE DE EXECUCIÓN A VAD INVERSIONES 2024, S.L. (MALEZA EN PARCELA)
00455/2025	RESOLUCIÓN ORDE DE EXECUCIÓN A FRANCISCO DE ASIS FREIRE LOPEZ DE LA BALLINA (MALEZA EN PARCELA)
00456/2025	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000036426 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00457/2025	SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DOMINIO PUBLICO 4 DIAS - 34 METROS PARA RBT LG CAMPO CRUZ POLIGONO 503 PARCELA 708 (CEDEIRA), CON CÓDIGO SGD: 618324030058. A NOME DE UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD, S.A.. POR: SUMINISTRO ELÉCTRICO DE 5,75 KW PARA UNA VIVIENDA UNIFAMILIAR SITUADA EN LUGAR CAMPO CRUZ (REF. CATASTRAL: 15022A503007080000UU) REQUIRIMENTO AVAL: 7.620,74 € APORTADO 24.04.2025
00458/2025	ALTA DA ASOCIACIÓN CEDEIRART NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS. (EXPTE 2025/R004/000002)
00459/2025	CONCESION TARXETA ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE JOSE MANUEL VILLAR PRIETO. EXPTE. 2025/V006/000017
00460/2025	RESOLUCION ORDE DE EXECUCIÓN A MARIA ELENA GARCIA KUHN (MALEZA EN PARCELA)
00461/2025	RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE NOMEAMENTO CORRESPONDENTE AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE DÚAS PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A COMO FUNCIONARIOS/AS DE CARREIRA, MEDIANTE PROMOCIÓN INTERNA, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE CEDEIRA EXERCICIO 2016
00462/2025	RESOLUCION ORDE DE EXECUCIÓN A MARYLINE VERONIQUE PEREZ SCHAFFLER (MALEZA EN PARCELA)



00463/2025	RESOLUCIÓN ORDE DE EXECUCIÓN A JOSÉ ANTONIO PICOS MONTERO
00464/2025	SOLICITUD GENERAL A NOMBRE DE C.P. AVDA DA AREA 63. SOLICITA: QUE LE SEA ENTREGADA UNA NUEVA PLACA DE VADO PARA EL GARAJE DE AV. DA AREA 61-63.
00465/2025	XUSTIFICACION DA AES CONCEDIDA NO DECRETO 186/2025 DO 22.04.2025. EXPTE 2025/S009/000011.
00466/2025	MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
00467/2025	MODIFICACIÓN DO NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE
00468/2025	MODIFICACIÓN DOS CONCELLEIROS-DELEGADOS
00469/2025	APROBACION PAGO TAXACIÓN DE COSTAS EN RELACIÓN CO P.A.84/2024 DE GERMAN AMENEIROS HERMIDA
00470/2025	XUSTIFICACION DA AES CONCEDIDA NO DECRETO 365/2025 DO 23/07/2025. EXPTE. TEDEC 2025/S009/000032.
00471/2025	TRAMITACIÓN DE DECRETOS - 99500000036514 ACUERDO INICIO ACUERDOS DE INICIO
00472/2025	NOVA RESOLUCION ORDE DE EXECUCION A ANA MARÍA GONZÁLEZ SAAVEDRA (MALEZA EN PARCELA)
00473/2025	NOVA RESOLUCIÓN ORDE DE EXECUCIÓN A GRUPO MARTE COMUNICACIÓN GRÁFICA S.L. (MALEZA EN PARCELA)
00474/2025	APROBACIÓN DO ANTICIPO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN DOS RÍOS DE CEDEIRA ANO 2025
00475/2025	NOVA RESOLUCION ORDE DE EXECUCIÓN A VAD INVERSIONES 2024, S.L. (MALEZA EN PARCELA)
00476/2025	CAMBIO TITULARIDADE DE VAO Nº 315 DE RÚA FRAGA IRIBARNE 10 PTE DOCUMENTACIÓN REF CATASTRAL: 6644309NJ7364S00011F / Nº RECIBO: 503000520248 TITULAR DEL RECIBO FALLECIDO / REQUERIR DECLARACIÓN A LOS HEREDEROS? LLEVA INCLUÍDA LA LICENCIA DE VADO EN LA VENTA DEL INMUEBLE. VER ESCRITURA.
00477/2025	CONCESION TARXETA ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E MOVILIDADE REDUCIDA. EXPTE TEDEC 2025/V006/000018
00478/2025	DELEGACIÓN DE FUNCIONS DE ALCALDÍA NA PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE
00479/2025	ALTA DA ASOCIACIÓN MESTAS LGTBIQ+ NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓN VECIÑAIS. (EXPTE 2025/R004/000003)
00480/2025	NOVA RESOLUCION ORDE DE EXECUCIÓN A FRANCISCO DE ASIS FREIRE LOPEZ DE LA BALLINA (MALEZA EN PARCELA)
00481/2025	APROBACIÓN DO ANTICIPO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A ASOCIACIÓN CULTURAL BANDA DE MÚSICA VILA DE CEDEIRA PARA O ANO 2025
00482/2025	ORDE DE EXECUCIÓN A HROS ESTRELLA GARCÍA RODRÍGUEZ (MALEZA EN PARCELA)
00483/2025	RESOL ORDE DE EXECUCIÓN A CONCEP BUSTABAD FREIRE, CONCEP, RUFINO, BENIGNA E AMALIA BARGE BUSTABAD
00484/2025	CONTRATO MENOR DE SUBMINISTRO E MONTAXE DE MAMPARAS DIVISORIAS EN VESTUARIOS DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL
00485/2025	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL
00486/2025	CADUCIDADE E BAIXA DE ESTRANXEIROS NON COMUNITARIOS NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES (INE 111)
00487/2025	CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO 25.09.2025

O Pleno queda enterado.

14. MOCIÓN DE URXENCIA

Pola Presidencia infórmase que o grupo de goberno municipal somete á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, as seguintes propostas:



14.1 ADHESIÓN DO CONCELLO DE CEDEIRA AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DO PRODUTOR (SRAP) DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS (RAEE). EXPTE 2025/A006/000011

Pola Secretaria accidental dáse lectura, en extracto, á proposta de Alcaldía de data 24 de setembro de 2025, que di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: ADHESIÓN DO CONCELLO DE CEDEIRA AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DO PRODUTOR (SRAP) DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS (RAEE). EXPTE 2025/A006/000011

Resultando que o pasado día 4 de xullo de 2025 asinouse entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e os sistemas de responsabilidade ampliada dos produtores (SRAP) de aparatos eléctricos e electrónicos (AEE) un novo convenio nesta materia coa vontade de facilitarlle ás entidades locais que desexen adherirse ao mesmo un instrumento xurídico ao abeiro do cal as partes involucradas organicen, consonte ás competencias que a cada unha lle corresponden, as actividades de xestión destes residuos co fin de asegurar, no ámbito da nosa Comunidade Autónoma e para o período 2025-2028, o esixido no marco normativo aplicable, sinaladamente no Real Decreto 110/2015, do 20 de febreiro, que consta anexado no expediente TEdEC número 2025/A006/000011.

Resultando que o dito convenio ten por obxecto regular o marco de colaboración no que se desenvolverán as actividades de xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (en diante, RAEE) que se recollan nas instalacións de recollida das entidades locais, a través dos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (en diante, SRAP) asinantes, no marco xeográfico da Comunidade Autónoma (CA) de Galicia, co fin de asegurar o cumprimento do esixido no Real Decreto 110/2015, así como nas demais normas legais que sexan de aplicación a este tipo de residuos.

Para iso establécense e regúlanse neste convenio os compromisos da Consellería, das entidades locais ou entidades que teñan atribuída, no seu nome, a competencia na xestión dos residuos domésticos (en diante, todos eles EELL), e dos SRAP de AEE que voluntariamente se adhiran, sen prexuízo das obrigacións que cada unha das partes teñen asignadas conforme a normativa vixente.

Resultando que todos os municipios, de conformidade co artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, teñen reservada a competencia da recollida de residuos, así mesmo establécese que nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes será a Deputación provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos servizos de recollida e tratamento de residuos, entre outros.

Resultando que é interese deste Concello adherirse e que para que resulte de aplicación a retroactividade, prevista na cláusula novena do convenio, é preciso que as solicitudes para a adhesión ao novo convenio marco estean completas á data do 30 de setembro de 2025.

Vista a memoria xustificativa de data 19.09.2025 asinada pola Alcaldesa accidental en cumprimento do establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

Visto o informe conxunto de Secretaría e Intervención de data 24.09.2025 en sentido favorable.



En base ó exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente en materia de réxime local, proponho ó Pleno do Concello a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a adhesión do Concello de Cedeira ao Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (SRAP) de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE).

SEGUNDO.- Comprometerse a incluír as achegas económicas necesarias nos respectivos orzamentos municipais para facer fronte aos compromisos económicos derivados da sinatura do presente convenio.

TERCEIRO.- Facultar ao Alcalde para a sinatura dos trámites relacionados coa adhesión.”

A Sra. Prieto Cal di: Pablo, perdoa, pero a xente pide que a ver se podedes falar un pouco máis alto.

O público manifesta que non se oe nin se entende.

O Sr. Alcalde di: Falamos moi rápido e baixo, vale, pero non imos empezar outra vez. Non nos mandedes empezar outra vez.

Polo Sr. Presidente sométese a consideración do Pleno a urxencia do asunto, resultando APROBADA a urxencia por unanimidade dos membros presentes, e polo tanto, polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, incluíndose na orde do día.

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR a proposta nos termos no que quedou transcrita.

14.2 ADHESIÓN DO CONCELLO DE CEDEIRA AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DO PRODUTOR EN MATERIA DE PILAS E ACUMULADORES. EXPTE 2025/A006/000012

Pola Secretaria accidental dáse lectura, en extracto, á proposta de Alcaldía de data 24 de setembro de 2025, que di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: ADHESIÓN DO CONCELLO DE CEDEIRA AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO DA XUNTA DE GALICIA E OS SISTEMAS DE RESPONSABILIDADE AMPLIADA DO PRODUTOR EN MATERIA DE PILAS E ACUMULADORES. EXPTE 2025/A006/000012

Resultando que o pasado día 21 de xullo de 2025 asinouse entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e os sistemas de responsabilidade ampliada dos produtores (SRAP) de pilas e acumuladores un novo convenio nesta materia coa vontade de facilitarlle ás entidades locais que desexen adherirse ao mesmo un instrumento xurídico ao abeiro do cal as partes involucradas organicen, consonte



ás competencias que a cada unha lle corresponden, as actividades de xestión destes residuos co fin de asegurar, no ámbito da nosa Comunidade Autónoma e para o período 2025-2028, o esixido no marco normativo aplicable, sinaladamente no Real Decreto 106/2008, do 1 de febreiro, que consta anexado no expediente TEDeC número 2025/A006/000012.

Resultando que o dito convenio ten por obxecto regular o marco de colaboración no que se desenvolverán as actividades de xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (en diante, RAEE) que se recollan nas instalacións de recollida das entidades locais, a través dos sistemas de responsabilidade ampliada do produtor (en diante, SRAP) asinantes, no marco xeográfico da Comunidade Autónoma (CA) de Galicia, co fin de asegurar o cumprimento do esixido no Real Decreto 110/2015, así como nas demais normas legais que sexan de aplicación a este tipo de residuos.

Para iso establécense e regúlanse neste convenio os compromisos da Consellería, das entidades locais ou entidades que teñan atribuída, no seu nome, a competencia na xestión dos residuos domésticos (en diante, todos eles EELL), e dos SRAP de AEE que voluntariamente se adhiran, sen prexuízo das obrigacións que cada unha das partes teñen asignadas conforme a normativa vixente.

Resultando que todos os municipios, de conformidade co artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, teñen reservada a competencia da recollida de residuos, así mesmo establécese que nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes será a Deputación provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos servizos de recollida e tratamento de residuos, entre outros.

Resultando que é interese deste Concello adherirse e que para que resulte de aplicación a retroactividade, prevista na cláusula oitava do convenio, é preciso que as solicitudes para a adhesión ao novo convenio marco estean completas á data do 30 de setembro de 2025.

Vista a memoria xustificativa de data 19.09.2025 asinada pola Alcaldesa accidental en cumprimento do establecido nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

Visto o informe conxunto de Secretaría e Intervención de data 24.09.2025 en sentido favorable.

En base ó exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente en materia de réxime local, proponho ó Pleno do Concello a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a adhesión do Concello de Cedeira ao Convenio marco de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático da Xunta de Galicia e os sistemas de responsabilidade ampliada do produtor en materia de pilas e acumuladores, na modalidade A.

SEGUNDO.- Comprometerse a incluír as achegas económicas necesarias nos respectivos orzamentos municipais para facer fronte aos compromisos económicos derivados da sinatura do presente convenio.

TERCEIRO.- Facultar ao Alcalde para a sinatura dos trámites relacionados coa adhesión.”

Polo Sr. Presidente sométese a consideración do Pleno a urxencia do asunto, resultando APROBADA a urxencia por unanimidade dos membros presentes, e polo tanto, polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, incluíndose na orde do día.

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.



O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR a proposta nos termos no que quedou transcrita.

14.3 CONTA XERAL 2024

Pola Secretaria accidental dáse lectura, en extracto, á proposta de Alcaldía de data 25 de setembro de 2025, que di:

“Expediente: 2025/T017/000001

Asunto: Conta Xeral 2024

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a Conta Xeral do exercicio 2024, xunto con toda a súa documentación anexa á mesma, segundo a lexislación vixente.

De acordo co informe de Intervención emitido sobre ela, e o Ditame da Comisión Especial de Contas emitido con data 10 de xullo de 2025.

Visto que a mesma expúxose ao público para que puidesen presentarse reclamacións, reparos ou observacións, e que durante ese prazo non se presentaron en tempo e forma alegacións, como reflíctese no informe da funcionaria do rexistro xeral do concello de 04 de setembro de 2025.

Propónse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobado a Conta Xeral do exercicio 2024.

SEGUNDO. Rendir a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como ao Consello de Contas de Galicia.”

Polo Sr. Presidente sométese a consideración do Pleno a urxencia do asunto, resultando APROBADA a urxencia por unanimidade dos membros presentes, e polo tanto, polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, incluíndose na orde do día.

Aberto o turno de intervencións non se produce ningunha.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA: APROBAR a proposta nos termos no que quedou transcrita.

15. ROGOS E PREGUNTAS

Aberto o turno de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde di: Pediríache, Xulio, que fixeras os rogos ou as preguntas sen mezclar, vale?

O Sr. Cribreiro García di: Vale.

O Sr. Alcalde di: Comezamos por?



O Sr. Cribeiro García di: Non vai ser un guiso, primeiro van a ser as preguntas.

O Sr. Alcalde di: Primeiro, preguntas, vale.

O Sr. Cribeiro García di: E logo os rogos.

O Sr. Alcalde di: Vale, vale.

O Sr. Cribeiro García di: Unha pregunta, por segunda vez preguntamos nun Pleno neste Concello de Cedeira cales son os honorarios do arquitecto redactor do Proxecto da piscina de Cedeira.

O Sr. Alcalde di: Bueno, creo que solicitaches por escrito o outro día todo isto, creo que se contestou que se che enviará a documentación en tempo e forma.

O Sr. Cribeiro García di: Ese é outro tema. Esa é a súa resposta, señor Alcalde?

O Sr. Alcalde di: Si.

O Sr. Cribeiro García di: Vale, comezamos polos rogos, señor Alcalde, o pasado 12 de setembro solicitamos por escrito copia dun expediente. O día 23 deste mes respondeunos vostede e a súa resposta, unha vez máis, a nosoutros xa non nos sorprende, por innecesaria e por ser algo filibustera e obstrucionista. Primeiro, non era necesario que nos autorizara o acceso ao expediente pois transcorridos 5 días dende a solicitude que lle fixemos nosoutros por escrito, e sen que vostede nola denegase motivadamente, xa estaba por mandato de Lei. Segundo, non pode vostede aos servizos administrativos dar un prazo de ata 3 meses para que podamos consultar o expediente solicitado e elo porque non hai que recopilar gran documentación. Non nos da unha documentación porque é un escueto expediente dun contrato menor. Que serán dúas follas, tres follas, catro follas? Dez follas? E ademais o expediente está, ou debería estar, dixitalizado e a solicitude de acceso á información que nosoutros lle pedimos debe ser materializada nuns minutos. Eu quero recordarlle que obstaculizar o exercicio dun fundamental dereito cívico é algo grave, gravísimo, por iso nosoutros rogámoslle que a principios da próxima semana estea disposto o acceso ao expediente solicitado.

Outro rogo; rogámoslle á actual Corporación que estades gobernando Cedeira que nos faciliten a visita ao local que se utilizaba para uso do mercado municipal na praza vella.

Outro rogo; en Plenos, en redes sociais, en prensa, en reunións cos veciños...que teñen en común estas catro cousas? O compromiso do actual grupo do PP de Cedeira en traballar por todas as vías para reclamarlle ao Goberno local unha solución ante o lamentable estado do pavimento do casco vello de Cedeira. Incluso con varias persoas sufrindo caídas.

En Plenos, porque tal e como se está a celebrar hoxe en día un, porque foron e seguen sendo a forma de preguntar, a forma de coñecer e inducir ao bipartito para que arranxe dunha vez por todas as baldosas rotas. En redes sociais porque é a forma de achegarlle aos veciños a deixadez e a forma na que o PSOE e o BNG miran cara outro lado. En prensa, porque a xente ten que ler como nós, o noso grupo, traballa en atopar solucións ante un casco vello que non deixa de romperse en mil anacos. E, finalmente, reunións cos veciños porque son eles aos que debemos escoitar, apoiar e amplificar a súa mensaxe. Os veciños xa recolleron máis de 150 sinaturas, pero é evidente co paso dos anos, anos, anos e anos é evidente que ao bipartito iso non lle importa. E ao señor Moreda cando gobernaba con maioría absoluta tampouco lle importaba. Así que nos Plenos, nas redes sociais, na prensa e a través de máis reunións cos veciños, nós imos a seguir reclamando unha solución ante un problema que leva moitos anos sen resolverse, e o rogo é que se poñan a traballar e deixen de dilatar as solucións.

Outro rogo; señor Alcalde, dubido moito que sexa consciente da gravidade dos feitos que lle vou contar. De ser así, non se entende que permita que aconteza esta situación. Despois de reunírnos cos veciños do



casco vello, eles trasladáronnos a preocupación polas caídas que varios veciños sufriron polo nefasto estado no que se atopa o pavimento do casco vello de Cedeira. E non só no casco vello de Cedeira, á vista está a deixadez que existe nas rúas: caídas que trouxeron consigo roturas de nocello e nas que nalgún caso o afectado ou afectada mesmo denunciou ao Concello. É inconcibible que un servidor público permita que esta situación aconteza e non faga nada por remedialo co paso do tempo e o paso dos anos. De nada serven anuncios vacíos, de nada serven anuncios vacíos cando os veciños seguen a sufrir esta situación. E o señor Alcalde, coa complicidade do BNG, son os máximos responsables do malestar que Cedeira padece polo estado das súas rúas. Son vostedes os que gobernan Cedeira, son vostedes os que poñen en risco a integridade dos cedeireses e das cedeiresas. E o mesmo rogo sería que teña máis consideración ante esta situación.

O 18 de marzo, 18 de marzo, eh! foi presentado por Rexistro neste Concello, 18 de marzo de 2025, foi presentado por Rexistro neste Concello un escrito de petición abalado por firmas dos veciños. Moitas veces éncheselle ao señor Alcalde as palabras de imos a colaborar, imos a axudar, imos a tal pero este escrito do 18 de marzo de 2025 por parte do Bloque e do PSOE de Cedeira a nosoutros xamais se nos deu traslado, nunca. Tiveron que ser os veciños os que nos dixeran, hai un escrito presentado con tal data. Porque da mesma forma que a nosoutros, xa lle dixemos, da mesma forma que a nosoutros non se nos contestan as peticións e non se nos da a información que se nos debe de dar como grupo político en tempo e forma, en menos de 5 días, e tardan 3 meses, e moitas veces tampouco nolo dan, pasan os meses, os meses e toda a información que o grupo municipal con representación do Concello non se nos facilita información.

Hoxe, señor Alcalde, voulle ler o escrito e voulle engadir eu unha cousa máis a este escrito dos veciños de Cedeira, dicía:

“Os abaixo asinantes, veciños do casco vello de Cedeira, instan á corporación municipal a resolver a situación de abandono na que se atopa o casco vello do municipio.”

E dicían:

“Entre os principais problemas a resolver están:”

Xa falaban o 18 de marzo e xa se viñan queixando moito antes:

“1. O estado das rúas .

Suciedade, pídese que as rúas sexan desinfectadas e lavadas periodicamente, así como que se realice unha limpeza rutinaria máis frecuente.

Estado do pavimento: está levantado en múltiples zonas, co risco que iso implica dado que se trata dunha zona onde residen cidadáns de idade avanzada.

2. Dificultades para acceder a servizos básicos como ambulancias, butano, pan, sen esquecer o traslado de mobles e electrodomésticos.

3. Falta de liña telefónica con fibra óptica que, -mesmo recoñecen- aínda que non é unha responsabilidade directa do Concello, é un problema que afecta aos veciños.

4. Estado de abandono dos predios, con risco para os veciños. -E dicían en marzo- Instamos á corporación municipal a que resolva estas cuestións na medida do posible.”

A suciedade..é que hai ratas polas rúas, señor Pablo Moreda, hai ratas, eh! Hai ratas que están entrando nas casas. Entón, nós o rogo que lle facemos agora e creo que hoxe, eles que están aquí deberían de ter voz. Xa é un tema que necesita atención e solucións. Eu solicítolle, señor Alcalde, que os veciños que estean aquí presentes e queren participar neste punto da orde do día e dar a súa opinión ao respecto, tal como vostede permitiu noutros casos, a aquelas persoas que queiran intervir. Aquí están as firmas de todos os veciños reclamando solucións, señor Moreda. Este é un tema que leva anos e anos e anos, vostede leva máis de dez anos nesta Corporación, eh! Incluso gobernando con maioría absoluta e non lle deu unha solución, tenlla que dar, pero xa, xa, xa, xa! Ese é o noso rogo.

O Sr. Alcalde di: Vale. Graciñas. Si, imos establecer un debate sen ningún problema, imos contestar a todas as preguntas que sexan pertinentes. En todos os plenos a calquer persoa que acude lle permitimos que nos pregunte e todo iso. Aquí non corre o tempo e intentaremos contestar cos datos máis precisos que sexan, vale?



Antes si que quería contestar eu a varias cuestións destas, das que se me dixeron; primeiro dicirille que a documentación si que se entrega. Vostede sabe perfectamente que cando se entrega, cando se presenta algo a Lei di que aos 5 días se lle conteste e o Concello ten 3 meses, que é o que marca a Lei que é o que está estipulado, non podemos poñer nin 15 días, nin 20, a Lei di 3 meses que non o digo eu quen o di son os Servizos xurídicos do Concello e está aquí...

A Sra. Secretaria accidental di: A Lei di un prazo prudencial, que non trastoque o normal funcionamento e fixouse un prazo de 3 meses como regra xeral.

O Sr. Alcalde di: Exacto. E ás veces entréganse en 15 días, nunha semana ou en 3 meses. Quero dicir, se me dis algún expediente anterior que non se che entregara ou que non se che notificara naquel momento que o pediches, pois nolo podes volver a pedir porque estráñame moito que non se che entregase.

E despois, con respecto ao tema do casco vello, bueno, imos falar de dúas cousas diferentes, somos conscientes da problemática moi grande que hai. Primeiro vou ir ao tema do mantemento, hoxe a Concellería María, eu e Suso máis tarde estivemos vendo, dimos unha volta por alí para saber como estaban varias cousas e si que realmente hai cousas que están en mal estado, recoñecemos e asumimos a nosa responsabilidade porque ás veces entre os traballadores municipais e nós mesmos pensamos que algunha cousa que pode estar ben e non está, non? Si que de verdade tamén agradecemos sempre que, igual que se fan as recollidas de sinaturas para achegarnos algunha cousa, algunha incidencia ou iso, poñervos en contacto con nosoutros directamente porque ás veces non somos capaces de resolvelo moi rápido, pero outras veces si que temos esa posibilidade. Por exemplo, co tema das ratas supoño que igual non sabedes que nosoutros, o Concello, ten un convenio cunha empresa, vale? O único que hai que facer é vir ao Concello, se lle notifica en Rexistro, hai un listado e se chama á empresa que fai a desratización na zona correspondente, vale? Iso non habería ningún problema. É notificalo, vir aquí, se chama á empresa, a empresa ven e encárgase diso, vale? Iso é así.

Do que estivemos hoxe falando, por exemplo, vimos que si que hai falta de desbroce no aparcamento onde está a pista polideportiva, onde está o maiazo, xa o estivemos falando entre nolos 3 para que se vaia arraxando. Tamén falamos do tema das escaleiras que baixan digamos en dirección cara o muelle. Aí o que xa se falou co carpinteiro, imos a substituír os tablóns que están en mal estado, imos a reforzar aquelas partes de estrutura que tamén están en mal estado, como por exemplo: o primeiro descansillo que hai segundo baixas, que está en mal estado. E despois, imos a colocar unhas mallas antideslizantes, bueno, é unha malla antideslizante que temos colocada nalgúns puntos en Cedeira, non sei se o tedes visto no paseo fluvial, que axudan a que non se esvare.

Despois tamén vimos que na rúa en Crónicas están algúns dos sumidoiros que estaban totalmente tupidos que cando chove encharcan, que había algún que estaba limpo porque o limparon os veciños. Tamén nos puxemos, neste caso foi Suso, que se puxo en contacto con Viaqua para que...eles son os responsables é a empresa que está contratada polo Concello para que o máis rápido posible fagan iso, vale?

Despois tamén había, si que se nos dixo que había que lavar os contedores, había unha parte alí onde estaba antes o local de maiores, que debeu haber estes días como un remolque ou algo e cando se sacou quedou alí un escombros no chan. Tamén se falou coa empresa de limpeza para que o retiren da forma máis inmediata. Porque segundo teño entendido está dende o venres alí que foi cando sacaron iso. É dicir, aquí hai unha serie de cousas que si sabemos que estaban mal, que intentaremos poñerlle remedio o máis rápido posible e que a través dos nosos compañeiros, traballadores e traballadoras que hai no Concello, pois que fagamos un mantemento máis exhaustivo e estar máis pendentes de todo iso. E nós a parte, como grupo, recoñecemos o erro e pedimos as desculpas pertinentes e intentaremos facelo da mellor forma posible.

En canto ao tema do pavimento si que aí xa é un problema moito máis gordo, vale? Sabemos, levamos anos a verdade que facendo investimentos en arranxos que ao final non serviron para nada porque son arranxos que facemos ou nosoutros ou con empresas que igual cada ano podíamos investir 15 ou 20.000 euros, volvían a pasar os coches que onde se producen os problemas... Sabemos perfectamente cales son as zonas que están delimitadas, onde pasa todo iso, porque son sobre todo naquelas zonas onde hai



coches e o que fixemos foi dicir imos intentar buscar unha solución definitiva e contratar unha empresa que é una empresa, neste caso chámase Fundación Tecnolóxico do Granito de Galicia. Contratámola o día 5 de agosto deste ano, temos o contrato asinado con eles. Un contrato, para que vexades que só o estudio nos sae en 11.165,88 euros, e bueno, cóntovos un pouquiño o que pretendemos, o que pretendemos é saber o que nos está pasando no firme porque o que non podemos é levantar unhas plaquetas, volvelas a pegar cando realmente despois se nos van a volver a levantar. Entón, o que imos a facer é un estudo moi completo onde se van facer catas e unha serie de cousas que vou dicir agora e a partir de aí tomaremos medidas e a ver qué orzamento imos ter que manexar porque igual estamos falando dunha actuación moi grande que ogallá podamos asumir o máis rápido posible, non? Porque ao final sabemos que hai cinco zonas que son as perigosas, que agora mesmo é diante de Ferrete, na curva de aquí do Concello, onde está a casa de Tiano, entre a casa de Tiano e a librería –a librería, perdón, a biblioteca- e onde está antes do Cristo ata digamos ata a zona aglomerada. Quero dicir, esas son as cinco que sabemos. Despois falamos e preguntamos o que faga falta, vale? O que se fixo ata agora, cando veu a empresa, as actuacións realizadas que foron entre abril e maio deste ano foi un estudo de documentación da obra, da obra que tiñamos da anterior, de cando se fixo este proxecto porque este proxecto foi dos Plans E, cando se fixo todo o saneamento novo en Cedeira. Sabemos tamén que se fixo en dúas fases, a segunda fase sabemos que está mellor executada que a primeira, son aquelas outras rúas polas que non pasan vehículos e están ben, non se están levantando, poden ter un deterioro normal polo paso dos anos. Fixemos esa visita inicial de recoñecemento onde se recoñecían as características do entorno natural e urbán e onde se identificaron distintas patoloxías, como roturas, fendas, movementos, levantamentos e desprendemento de baldosas. Entón, neste caso, fixéronse, fíxose unha nota técnica para reparacións puntuais neses puntos e bueno, tiñamos que facer unha coordinación co Concello para a realización destes ensaios, non? Digamos que os ensaios que imos facer agora que vai vir a empresa tamén queremos que o día que veña a empresa, antes de que empecen as obras, imos facer unha convocatoria veciñal. Seguramente non sexa aquí porque acudirá bastante xente, buscaremos un espazo un pouco máis grande, onde tamén a empresa e os veciños poderán preguntarlle, facer todas as preguntas correspondentes e todo o que se queira saber sobre o que se vai facer e as posibilidades que poida ter sobre digamos, saber se estas solucións que se van a propoñer nun futuro poden ser as adecuadas para que dure o maior número de anos, vale?

Vanse facer unhas catas manuais que son levantamento de varias baldosas, picado de placa de formigón e escavación manual para o recoñecemento da sección construtiva das distintas capas espesores, presenza de auga, recollida de mostras para ensaios de laboratorio, etc. Vanse facer ensaios de penetración dinámica, isto vai ser unha subcontrata, realízase para coñecemento xeotécnico dos distintos niveis de subsuelo onde se apoia o pavimento, necesario para valorar a idoneidade das capas inferiores e necesidades de reforzo. Isto é o que se fai, por exemplo, cando ides a unha casa e vos mandan facer un estudo xeotécnico para saber como son as características do chan para poder facer a estrutura do redactor do proxecto. É dicir, ten que saber as características do chan, neste caso, para facer unha redacción para calcular se necesita pilotes, unha lousa de cementación, e todo isto. Pois nós tamén temos que facelo tamén aquí. Este ensaio consiste en hincar cunha varilla cunha puntaza cónica en terreo mediante caída libre cunha maza de 63,5 quilos a unha altura de 76 cm. O que fai é... é unha máquina que vai metendo varillas, vaille dando punzoamentos e dependendo do número de punzoamentos ata onde chega a varilla é onde vai determinando o tipo de suelo que hai, vale?

Despois darannos un estudo de valoración das xuntas, inspección e medición, e o sistema de drenaxe do pavimento, inspección de arquetas, pozos e canaletas. E vanse facer tamén ensaios de deslizamento: realización de ensaios de deslizamento mediante péndulo de fricción (segundo norma UNE-EN 16165) en diferentes puntos do casco vello para coñecer o estado da superficie respecto ao esvaramento. Por exemplo, cada un destes ensaios dura entre 20 e 30 minutos por punto. Si o que imos tamén é que cando se comunique con todos vos e para notificarvos o día da reunión, que imos ter que cortar rúas porque estes ensaios non se fan nun día, imos ter que cortar rúas e cando teñamos unha solución e sexa unha solución pois tamén teremos que falar con todos vos polo tema da mobilidade do casco vello en canto a vehículos que pasan a diario. Porque, realmente, sabemos que están pasando moitísimos coches e este



chan está para, creo que para tres toneladas ou tres toneladas e media, e creo que moitos dos coches, incluso cando se falou do butano e todo iso que son cousas necesarias para o día a día para vivir, exceden esa capacidade de peso, non? Tamén hai cousas que temos que ter en conta. Pero bueno, iso xa será algo posterior porque si que se necesita, témolo falado no grupo de goberno, pois un regulamento do tráfico viario no casco. Na época de verán sabedes que hai moitísimos vehículos que ven moita xente de fóra que está comprando, que está arranxando, pero bueno entendemos que tamén ás veces teñen que ter dereito, pero tamén sabemos que igual non están empadroados aquí ou non pagan o rodaxe aquí, entón é algo que temos que valorar entre todos.

Entón, bueno, aquí si que lamentamos profundamente non ser máis dilixentes, máis rápidos, pero é unha cuestión lenta que estamos moi encima da empresa para que veña canto antes e é verdade que ogallá fosemos capaces de facelo moitísimo máis rápido, é dicir, neste caso imos coa maior celeridade, pero aínda así imos moi lentos. Entendémolo, pero o que queremos é buscar unha solución definitiva o que non queremos é facer arranxos e todo iso. Entendemos esa necesidade. Non somos nós o único goberno, xa se leva feito, creo que ós 2 ou 3 anos en canto se acabou a garantía creo que tanto o goberno anterior ao noso, que foi o Partido Popular, tamén fixeron o que puideron no sentido de que puideron facer amaños como fixemos nosoutros, co mesmo fin de poder normalizar a situación, pero é totalmente inviable, é dicir, arranxamos e vólvese a levantar, e vólvese a levantar sobre todo naqueles sitios onde pasan os coches.

Por parte do público realízanse intervencións.

O Sr. Alcalde di: Imos facer unha cousiña. Eu xa rematei, os que queirades pedide a palabra. Ides pedindo a palabra e falando de un en un, vale? Sen problema. Diego, segue Diego.

Por parte do público realízanse intervencións.

O Sr. Alcalde di: Unha cousiña, estanme dicindo que non podedes intervir, se queredes intervir o que facemos é, damos por rematado o Pleno e intervimos e seguimos falando, vale? Damos por rematada a sesión plenaria.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 21:20 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria accidental, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA ACCTAL
M^a DEL MAR ANTÓN BRAGE
(Resolución de Alcaldía nº 485/2025 de 19 de setembro)